



XUNTA DE GOBERNO

**SESION ORDINARIA DE OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 06)**

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D^a. Mayra García Bermúdez

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretario:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **oito de febreiro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen-se os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D. Lino Rodríguez Onega e D. Eduardo Vidal Baamonde.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día un de febreiro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ACORDO NO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

Con data 13 de decembro de 2018 dáse traslado á empresa Limpergal da seguinte notificación:

En relación co expediente administrativo de referencia, con data 12 de decembro de 2018, o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, adoptou a seguinte resolución:

(...)

Asumir como propia a proposta da mesa de contratación de data 29 de novembro de 2018, clasificando aos licitadores admitidos atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

LOTE	ORDE PONDERACIÓN	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
LOTE I	1	LIMPERGAL, S.L.	90,50
LOTE II	1	HUMASERVA, S.L.L.	65,13
	2	LIMPERGAL, S.L.	61,09
LOTE III	1	LIMPERGAL, S.L.	75,50
LOTE IV	1	LIMPERGAL, S.L.	90,50
LOTE V	1	LIMPERGAL, S.L.	90,50

Requirir á empresa Limpergal S.L. para os Lotes I, III, IV e V; e á empresa Humaserva, S.L.L., para o Lote II, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas (...)

De conformidade co disposto no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71.

Con data 17 de decembro de 2018, ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo un escrito da empresa Limpergal, S.L. onde solicita que se acorde, con arreglo ao art. 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, unha ampliación de cinco días hábiles máis do prazo conferido para o cumprimento do requirimento trasladado por resolución de 13 de decembro de 2018.

Con data 24 de decembro de 2018 dáse traslado á empresa Limpergal da seguinte notificación:

Asunto: denegación da solicitude realizada pola empresa Limpergal, S.L, de ampliación de prazo para a presentación da documentación relacionada no artigo 150.2 la LCSP.

En relación co asunto de referencia, con data 24 de decembro de 2018, o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, adoptou a seguinte resolución:

Tras ver a proposta do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

Con data 17 de decembro de 2018, dáse entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo dun escrito da empresa Limpergal, S.L. onde solicita que se acorde, con arreglo ao art. 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, unha ampliación de cinco días hábiles máis do prazo conferido para o cumprimento do requirimento trasladado por resolución de 13 de decembro de 2018.

Antecedentes

Con data 13 de decembro de 2018, trasládase á empresa Limpergal, S.L. un requirimento a través da dirección de correo electrónico facilitada pola empresa, facendo uso da facultade conferida pola mesma no documento de aceptación da forma de comunicación/notificación, que a teor literal di:

Asunto: requirimento de documentación administrativa. servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo.

En relación co expediente administrativo con data 12 de decembro de 2018, o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, adoptou a seguinte resolución:

Excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa Mantelnor Limpiezas, S.L. nos lotes 1 e 4 por superar a súa oferta o orzamento de licitación segundo os máximos determinados na cláusula cuarta do PCAP.

Asumir como propia a proposta da mesa de contratación de data 29 de novembro de 2018, clasificando aos licitadores admitidos atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

LOTE	ORDE PONDERACIÓN	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
LOTE I	1	LIMPERGAL, S.L.	90,50
LOTE II	1	HUMASERVA, S.L.L.	65,13
	2	LIMPERGAL, S.L.	61,09
LOTE III	1	LIMPERGAL, S.L.	75,50
LOTE IV	1	LIMPERGAL, S.L.	90,50
LOTE V	1	LIMPERGAL, S.L.	90,50

Requirir á empresa Limpergal S.L. para os Lotes I, III, IV e V; e á empresa Humaserva, S.L.L. , para o Lote II, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas e que se transcribe:

(...)

De conformidade co disposto no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71.

Segundo obra no expediente de contratación e na respectiva minuta da Mesa de Contratación, con data 31 de agosto de 2018, reúnese a Mesa, co obxecto de proceder á apertura e valoración dos sobres “A” -da documentación administrativa presentada polos licitadores- e apertura dos sobres B – relativa aos criterios de adxudicación non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas.

A Mesa detecta que as ofertas presentadas por todas as empresas están sen asinar. Na acta desa sesión reflicte “debe requirirse a subsanación a fin de que asinen cada unha a súa oferta técnica”. Realizado o oportuno requirimento a empresa Limpergal, S.L. non responde.

Ante estes feitos, en reunión da Mesa de Contratación de 29 de novembro de 2018, esta asume como propio o informe do Servizo de Contratación e Fomento onde, tras as oportunas consideracións, conclúe:

En atención ao razoado nos apartados precedentes, elevase informe a mesa de contratación favorable a admisión da proposta técnica da empresa LIMPERGAL, S.L, en todos os lotes por considerar que a falta de sinatura das ofertas técnicas é saneable, non impiden en ningún dos casos a súa valoración o seu cumprimento e esixencia posto que en distintas fases do procedemento, como o cumprimento do trámite previsto no Artigo 150.2 LCSP ou ben a formalización do contrato (art. 153 LCSP)n– de resultar a adxudicataria- constatarase a vontade inequívoca da licitadora. Deben adoptarse as medidas adecuadas para garantir a trazabilidade e integridade da proposta técnica.

Na cláusula décimo sétima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) reitor do procedemento de referencia determínase:

Se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables o Órgano de contratación, previos os informes necesarios, concederá un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda. Se o licitador non emenda ou se o fai fora de prazo, nestes casos entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose a recabar a mesma

documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas. Neste suposto a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva dun 3% do orzamento base de licitación (IVE excluído) sen prexuízo de aplicar o establecido no art. 71.2 letra a) sobre eventuais causas de prohibición para contratar. Se a documentación presentada se axusta ao requirido o Órgano de contratación, definido na cláusula segunda deste prego, procederá á adxudicación.

Consideracións xurídicas

As sucesivas reformas lexislativas cara a simplificación dos trámites administrativos levan a que adquira grande relevancia o prazo de dez días contemplado no artigo 150.2 da Lei de Contratos do Sector Público que confire ao licitador proposto como adxudicatario para presentación da documentación que permita proceder á adxudicación do contrato ao seu favor.

As diferentes xuntas consultivas de contratación administrativa teñen posicións encontradas ao respecto. Así, a Junta Consultiva de la C.A. de Aragón no seu acordo 43/2015 argumenta o seguinte: “Del análisis del expediente, resulta probado que la voluntad del licitador propuesto como adjudicatario no fue en ningún momento la de retirar su proposición, sino todo lo contrario, al presentar dentro del plazo inicial de diez días parte de la documentación requerida, y una solicitud de prórroga para la constitución del aval. Y este Tribunal ya ha mantenido en sus Acuerdos 8/2011, 53/2012 y 24/2014, que dicho trámite administrativo debe realizarse atendiendo a los distintos principios jurídicos en juego y, en especial, el de proporcionalidad, con el efecto de no convertirlo en un trámite de exclusión; y el de confianza legítima, no pudiendo realizarse una interpretación restrictiva de los plazos que quebraría los principios de igualdad de trato y de adjudicación a la oferta económicamente más ventajosa.”

En contra da ampliación do prazo amósase o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC)- destaca a resolución 153/2011, e entre as últimas, a resolución 640/2016. Tamén se pronunciaron en contra da ampliación deste prazo, a Xunta Consultiva de Cataluña - informe 2/2012- e a Xunta Consultiva das Illas Baleares -informe 5/2011. Este último informe

reviste interés dado que formula criterio diferente, favorable á ampliación, en caso de licitador único, que motiva de siguiente modo:

Como hemos visto, el artículo 135.2 de la LCSP impone al licitador que ha presentado la oferta económicamente más ventajosa una obligación de hacer —presentar unos documentos en un plazo determinado— y establece unas consecuencias para el caso de incumplimiento de esta obligación: por un lado, la Ley prevé una sanción para el licitador —se considera que ha retirado su oferta, con las consecuencias de los artículos 49.2 d y 91.4 de la LCSP— y, por otro lado, establece una obligación para el órgano de contratación —deberá solicitar la misma documentación al licitador siguiente, por el orden en que hayan quedado clasificadas las ofertas.

Por tanto, dada la redacción del precepto, que es muy claro en cuanto a las consecuencias del incumplimiento del plazo, los licitadores que han participado en el procedimiento de adjudicación del contrato tienen una expectativa razonablemente fundada sobre cuál será la actuación del órgano de contratación una vez clasificadas las ofertas y en qué plazo se producirá.

Dado que, de acuerdo con el artículo 3.1 del Código Civil, las normas se interpretan según el sentido propio de sus palabras, en relación con el contexto, los antecedentes históricos y legislativos, y la realidad social del tiempo en que han de ser aplicadas, atendiendo fundamentalmente al espíritu y finalidad que tienen, podría considerarse que si se entiende, más allá de la literalidad del precepto, que la actuación del órgano de contratación puede ser diferente de la que se prevé en este artículo, se introduciría una nota de incertidumbre que podría afectar al principio de seguridad jurídica.

Debe tenerse en cuenta que el procedimiento de contratación es, con carácter general, un procedimiento de concurrencia competitiva en cuyo seno hay plazos procedimentales que afectan simultáneamente a todos los licitadores, como el caso del plazo para presentar ofertas, y otros plazos, como el que establece el artículo 135.2, que sólo afectan a uno de los licitadores, que tiene que llevar a cabo una actuación concreta.

En el caso de que un plazo afecte a varios licitadores, que han de llevar a cabo una misma actuación, la ampliación del plazo a un único licitador sería contraria a los principios de igualdad de trato y no discriminación consagrados en los artículos 1 y 123 de la Ley de Contratos y en el derecho comunitario. En cambio, en el caso de que un plazo afecte a un único licitador, que tiene que llevar a cabo una actuación determinada, debe entenderse que, aunque una ampliación del plazo no supondría necesariamente una vulneración de aquellos principios, es obligado tener en cuenta que hay otros licitadores con una expectativa legítima de poder llegar a ser adjudicatarios en el caso de que el licitador que haya presentado la oferta económicamente más ventajosa no cumplimente el trámite que prevé el artículo 135.2 de la Ley.

Es necesario recordar que los plazos que establecen las leyes son de observancia inexcusable y que no son meros formalismos sin trascendencia. En este sentido, la sentencia del Tribunal Supremo de 3 de mayo de 2004 manifiesta que:

[...] en modo alguno puede devaluarse la exigencia legal de los plazos para los diversos trámites de los procedimientos administrativos a una mera «formalidad temporal», frente a la que se alcen como únicos factores relevantes de la decisión el cumplimiento de los requisitos materiales que sean precisos en cada procedimiento. Antes al contrario, los plazos cumplen diversos objetivos esenciales para el interés público, entre los que se cuentan el de posibilitar la ordenada tramitación de los procedimientos administrativos, garantizar la seguridad jurídica o asegurar un trato igual para los administrados.

En relación con el plazo para llevar a cabo la obligación que establece el artículo 135.2 de la Ley, debe entenderse que se configura como un trámite de carácter preclusivo por su naturaleza. Así, la relevancia del trámite que regula (del cual depende la adjudicación del contrato al licitador que ha presentado la oferta económicamente más ventajosa), la suficiencia del plazo en relación con las actuaciones que el licitador ha de llevar a cabo y la diligencia que debe guiar la actuación del licitador, así como las expectativas de otros licitadores de llegar a ser adjudicatarios, son circunstancias que aconsejan considerar que este trámite tiene un carácter preclusivo. Por tanto,

debe entenderse que no es posible ampliarlo más allá de los diez días hábiles que determina la Ley y que, por tanto, no debe aplicarse supletoriamente la Ley 30/1992.

La disposición final octava de la Ley de Contratos dispone que los procedimientos que regula esta Ley se regirán, en primer término, por los preceptos contenidos en ella y en sus normas de desarrollo y, subsidiariamente, por los de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, y normas complementarias.

El artículo 49 de la Ley 30/1992 establece la posibilidad de que la Administración, salvo precepto en contrario, conceda de oficio o a petición de los interesados una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, pero siempre que las circunstancias lo aconsejen y que no se perjudiquen derechos de terceros.

Varios órganos se han pronunciado sobre la aplicación supletoria de la Ley 30/1992 a los procedimientos de contratación.

La Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Ministerio de Economía y Hacienda se ha pronunciado sobre esta cuestión en el Informe 16/00, de 11 de abril, en los términos siguientes:

[...] los procedimientos en materia de contratación administrativa se rigen por la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas y sus normas de desarrollo y, por tanto, la aplicación supletoria únicamente puede entrar en juego, no sólo cuando la normativa a aplicar en primer lugar guarde silencio sobre un determinado extremo, sino, sobre todo, cuando la normativa supletoria no sea contraria al contenido general y principios generales que inspiran aquélla, pues en estos casos debe entenderse que la materia aparece regulada por la primera.

En el caso concreto que se examina, la duración y efectos de los procedimientos de adjudicación de los contratos y de los llamados procedimientos para la modificación, resolución,

cesión de los contratos y subcontratación debe quedar subordinada al cumplimiento de los trámites y al despliegue de efectos que la legislación de contratos de las Administraciones Públicas consagra y si tales trámites y efectos son incompatibles con los plazos y efectos que la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común señala esta última debe quedar descartada en su aplicación puramente supletoria.

La primera conclusión que, por tanto, debe ser mantenida es la de que en los procedimientos reseñados de adjudicación, modificación, resolución, cesión de los contratos y subcontratación deben cumplirse los trámites y deben producirse los efectos que señala la legislación de contratos de las Administraciones Públicas, cualesquiera que sean los plazos de duración y efectos recogidos en las normas puramente procedimentales.

Posteriormente, el Consejo de Estado, en el Dictamen 477/2001, de 29 de marzo, relativo a la resolución contractual, manifiesta que —no puede postularse una aplicación supletoria indiscriminada de la Ley 30/1992 en el ámbito de la contratación administrativa, y que la misma puede quedar obstaculizada por ser contraria a los principios generales que rigen la contratación pública.

A Disposición final cuarta, apartado primeiro, da LCSP na liña do precedente normativo e da lexislación aplicable, precisa: “Os procedementos regulados nesta Lei rexeráñse, en primeiro termo, polos preceptos contidos nela e nas súas normas de desenvolvemento e, subsidiariamente, polos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e nas súas normas complementarias.

Conclusiones

Non existe un criterio unánime por parte das diferentes Xuntas Consultivas de Contratación Administrativa sobre a admisión ou non de solicitudes de ampliación do prazo establecido no artigo 150.2 da Lei de Contratos do Sector Público. En calquera caso a concesión da ampliación presupón unha actuación dilixente por parte do licitador.

De acceder á ampliación dos cinco días hábiles solicitada, obrigaría ao órgano de contratación a sobrepasar o prazo establecido na cláusula 18ª do PCAP toda vez que as proposicións se abriron o 30 de agosto de 2018:

O órgano competente para a contratación, deberá adoptar o correspondente acordo resolutivo de adxudicación, dentro do prazo máximo de catro meses desde a data de apertura das proposicións, de conformidade co disposto no artigo 158 da LCSP, de non adxudicarse neste prazo, os licitadores teñen o dereito a retirara a súa proposta, e de ser o caso, á devolución ou cancelación das garantías prestadas.

Da análise do expediente conséntase que Limpergal, S.L. non deu resposta ao requirimento de subsanación da súa oferta técnica o que motivou un retraso no desenvolvemento do procedemento, contrario ao principio de eficacia administrativa.

Os prazos que establecen as leis son de observancia inexcusable e non son meros formalismos sen transcendencia.

Neste senso se pronuncia a sentenza do Tribunal Supremo de 3 de maio de 2004:

[...] en modo alguno puede devaluarse la exigencia legal de los plazos para los diversos trámites de los procedimientos administrativos a una mera «formalidad temporal», frente a la que se alcen como únicos factores relevantes de la decisión el cumplimiento de los requisitos materiales que sean precisos en cada procedimiento. Antes al contrario, los plazos cumplen diversos objetivos esenciales para el interés público, entre los que se cuentan el de posibilitar la ordenada tramitación de los procedimientos administrativos, garantizar la seguridad jurídica o asegurar un trato igual para los administrados.

Na cláusula décimo sétima do devandito prego reitor outórgase un prazo de 3 días para subsanar os documentos que presentara o licitador, no caso de que non reúnan os requisitos

esixidos para considerar cumprimentado axeitadamente o requerimento. De modo que se evita calquera indefensión e se garante o principio de proporcionalidade.

Con base na Sentencia do Tribunal Supremo do 3 de maio de 2004, en relación co prazo para levar a cabo a obriga que establece o artigo 150.2 da Lei, debemos inclinarnos pola non concesión da ampliación do prazo.

Así, a relevancia do trámite que regula (do cal depende a adxudicación do contrato ao licitador que presentou a oferta máis vantaxosa), a suficiencia do prazo en relación coas actuacións que o licitador ha de levar a cabo e a dilixencia que debe guiar a actuación do licitador sumado á ambigüidade manifestada por Limpergal en todo o procedemento, son circunstancias que aconsellan a maiores, rexeitar a ampliación do prazo.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

En atención ao razoado nos apartados precedentes, e dado que os pregos outorgan 3 días hábiles de prazo para subsanación, elévase informe ao órgano de contratación desfavorable a ampliación do prazo máis aló dos dez días hábiles que determina a Lei e que, polo tanto, non debe aplicarse supletoriamente a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Polo que vai dito e, en base ao mesmo, propónse que pola Presidencia, se adopte a seguinte Resolución:

Resolver desfavorablemente a solicitude realizada pola empresa Limpergal, S.L. para ampliar o prazo de presentación de documentación referida nos artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non sendo posible outorgar ampliación do mesmo.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Resolvo:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O que se lle notifica aos efectos oportunos facéndolle saber que contra esta resolución, por tratarse dun acordo sobre a denegación de prazos non será susceptible de recurso, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento, en virtude do establecido no artigo 32.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Con data 28 de decembro de 2018 a empresa Limpergal presenta escrito no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo onde manifesta:

D. Dionisio Pérez Castro, en nome de la mercantil LIMPERGAL, S. L., cuya representación tengo acreditada en el expediente referenciado, comparezco y digo:

Que en virtud de resolución del Sr. Presidente de la Diputación Provincial de Lugo de 12 de diciembre de 2018, LIMPERGAL, S. L. ha resultado adjudicataria del contrato de servicio de limpieza de los edificios y dependencias de la Diputación Provincial de Lugo que integran los LOTES 1, III, IV y V del contrato, habiendo sido requerida por resolución de 13 de diciembre de 2018 para la aportación de la documentación a que se refiere el art. 150. 2 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público, por plazo de diez días hábiles.

Que esta parte interesó la ampliación del plazo para la cumplimentación del referido requerimiento, lo que fue rechazado en virtud de resolución notificada el 26/12/2018.

Que esta parte ha detectado que en el pliego de cláusulas administrativas se incurre en error material que incide en la determinación del presupuesto base de licitación pues, calculándose éste en función, de entre otros costes directos, esencialmente del coste salarial, constituido por las retribuciones del personal empleado para la ejecución del contrato de acuerdo con los convenios colectivos sectoriales de aplicación, lo que se erige en concepto básico desde el punto de vista económico del contrato, en el cálculo de dicho coste salarial se han omitido sin embargo las percepciones de los trabajadores por el concepto de vacaciones anuales retribuidas.

La explicación de tal omisión en el cálculo de los costes salariales solo puede obedecer a un error material o aritmético pues la no inclusión de la retribución de las vacaciones anuales de los trabajadores contraviene lo previsto al respecto en las propias cláusulas administrativas particulares, y siendo así, de conformidad con lo previsto en el art. 109. 2 LPA, es susceptible de rectificación en cualquier momento.

Por las razones expuestas, esta parte ofrece dar cumplimiento a sus compromisos pero siempre y cuando, con suspensión del plazo conferido por la resolución de 13 de diciembre de 2018, se proceda previamente a la rectificación o subsanación del error en que se incurre en el cálculo del presupuesto base de licitación, incluyendo en los costes salariales las percepciones que perciben los trabajadores por el concepto de vacaciones anuales retribuidas, por cuanto la omisión de dicho coste altera injustificadamente el equilibrio económico del contrato en perjuicio del contratista.

Por lo expuesto,

Solicito: Que, con suspensión del plazo conferido por resolución de fecha de 13 de diciembre de 2018, acceda a la rectificación del error interesada en el cuerpo del presente escrito.

Consideracións

A cláusula cuarta do prego de cláusulas administrativas reitor do procedemento, determina:

(...)

Na fixación do devandito orzamento tivéronse en conta todos os custos laborais derivados dos convenios colectivos sectoriais de aplicación, custos directos e indirectos e o beneficio industrial de acordo co estipulado no artigo 100.2 da LCSP.

Tal e como ven determinado nos artigos 100 e 101 da LCSP, coidouse que o orzamento base de licitación sexa axeitado aos prezos de mercado. Nesta contratación o custo económico principal o constitúe a retribución de persoal empregado para a súa execución, sendo este concepto básico desde o punto de vista económico do contrato.

As obrigas co persoal contratado no servizo de limpeza veñen reguladas polo Convenio Colectivo para o sector de limpeza de edificios e locais na provincia de Lugo, convenio vixente aplicable no lugar de prestación dos servizos, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 270 de 24 de novembro de 2017.

(...) A maiores do exposto tense en consideración a efectos da estimación de custos un incremento de necesidades en determinados servizos o que implica un proporcional incremento das horas de traballo a licitar.

Baixo estes datos de partida realízase o cálculo do orzamento base de licitación para o que se aplican as seguintes pautas:

Custos directos:

Custo salarial:

O cálculo elabórase tendo en conta as retribucións actuais dos traballadores, a súa categoría profesional, xornada laboral e antigüidade no posto. En relación co custo manifestado polas empresas axústase á alza o cálculo de trienios naqueles traballadores/as que adquieren dereitos a complementos persoais de antigüidade o 1 de xuño de 2018, data intermedia entre a resposta facilitada pola empresa e aquela na que se realiza este estudo económico.

A maiores do salario bruto se incorpora como custo a cota patronal calculada en función das diferentes modalidades de contratación existentes.

Así mesmo, algún dos traballadores a subrogar conta con complementos salariais consolidados non estipulados en convenio. Tales complementos tamén se tiveron en conta a efectos de cálculo xa que segundo determina o I Convenio Colectivo Sectorial de limpeza de edificios y locales (BOE 23/05/2013), convenio estatal vixente á data da sinatura do presente informe no seu artigo 17, relativo á subrogación de persoal se determina que nos supostos de finalización dunha contrata, “os traballadores da empresa saínte pasarán a estar adscritos á nova titular da contrata que vaia realizar o servizo, respectando esta os dereitos e obrigas que desfruten na empresa saínte do servizo”.

Custo salarial derivado de incrementos de xornada laboral:

No que respecta ás novas horas, non contempladas no contrato actual, o cálculo se realiza tendo en conta o establecido no artigo 26 do Convenio colectivo provincial: A partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, cando se amplíe a xornada nun centro de traballo ou se produzan vacantes por calquera causa, terán dereito ao incremento da xornada laboral, antes de novas contratacións, os traballadores que presten servizos na empresa que non teñan xornada completa e estean interesados na ampliación.

Polo tanto, realízase a previsión salarial sobre as bases de cálculo dos traballadores a subrogar baixo a premisa de que aqueles para os que se incrementa a xornada están interesados en ampliála.

Absentismo laboral:

Se estima, a mano alzada, un nivel de absentismo dun 6% sobre o total de horas. A previsión salarial destas substitucións se realiza sobre o custo que figura no convenio colectivo como total devengado para a categoría de limpador/limpadora engadindo a porcentaxe resultante de considerar, en aras de promover a estabilidade laboral, que a cota patronal é a que se corresponde a un contrato indefinido.

Outros custos directos:

Ademais dos custos derivados de aplicación das normativas laborais vixentes se estiman outros custos derivados da execución material dos servizos: 6% calculados sobre o custo salarial total (salario bruto+ cota patronal+ absentismo).

Se considera suficiente para aportar útiles, materiais, produtos de limpeza, roupa de traballo, custos de aportar á dotación de aseos, amortización e conservación de maquinaria, gastos xerais e gastos financeiros.

Custos indirectos:

Se contempla un 0.5% calculado sobre o custo salarial total (salario bruto+ cota patronal+ absentismo).

Se considera suficiente para facer fronte a gastos de administración da empresa, custos financeiros que non gardan vinculación inmediata coa prestación contratada, arrendamentos, seguros xerais...

Beneficio industrial.

Beneficio industrial: 6% calculado sobre o custo total (custos directos + custos indirectos)

Resultado do anterior, o orzamento base de licitación anual para este contrato é 776.232,45 €, sobre os que se aplicará un IVE do 21%, 163.008,83 € o que fai un total de 939.241,28 euros.

O orzamento base de licitación deste contrato (3 anos) ascende a 2.328.697,35 € aos que se aplicará un IVE do 21%, 489.026,49 €, o que fai un total de 2.817.723,84 €.

LOTE	TOTAL PRESUPUESTO ANUAL S/IVA	IVA (21%)	TOTAL PRESUPUESTO ANUAL C/IVA	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN S/IVA	IVA (21%)	ORZAMIENTO BASE DE LICITACIÓN C/IVA	VALOR ESTIMADO
LOTE 1	231.364,19 €	48.586,48 €	279.950,67 €	694.092,57 €	145.759,44 €	839.852,01 €	925.456,76 €
LOTE 2	180.965,01 €	38.002,66 €	218.967,67 €	542.895,03 €	114.007,98 €	656.903,01 €	723.860,04 €
LOTE 3	55.492,53 €	11.653,44 €	67.145,97 €	166.477,59 €	34.960,32 €	201.437,91 €	221.970,12 €
LOTE 4	122.505,46 €	25.726,15 €	148.231,61 €	367.516,38 €	77.178,45 €	444.694,83 €	490.021,84 €
LOTE 5	185.905,26 €	39.040,10 €	224.945,36 €	557.715,78 €	117.120,30 €	674.836,08 €	743.621,04 €
	776.232,45 €	163.008,83 €	939.241,28 €	2.328.697,35 €	489.026,49 €	2.817.723,84 €	3.104.929,80 €

Segundo argumenta no seu escrito, a empresa Limpergal di que detecta que no PCAP se incorre en erro material ao omitir no cálculo do orzamento as percepcións dos traballadores/as polo concepto de vacacións anuais retribuídas.

Tal e como se determina no prego administrativo para facer os cálculos se estima, a man alzada, un nivel de absentismo dun 6% sobre o total de horas. A previsión salarial destas substitucións se realiza sobre o custo que figura no convenio colectivo como total devengado para a categoría de limpador/limpadora engadindo a porcentaxe resultante de considerar, en aras de promover a estabilidade laboral, que a cota patronal é a que se corresponde a un contrato indefinido.

Así, e por lotes, e tal e como figura no expediente se estiman a seguintes cantidades correspondentes ao absentismo laboral:

LOTE 1	9.283,86 €
LOTE 2	7.220,78 €
LOTE 3	2.565,62 €
LOTE 4	5.554,45 €
LOTE 5	8.252,32 €
	32.877,03 €

Se trata dunha previsión de substitucións, considerando posibles baixas por enfermidade común ou as vacacións. Toda previsión pode ser obxecto de discusión e neste caso poderíase admitir que na elaboración deste orzamento se optou por un principio de economía aínda que sempre respectando os mínimos establecidos en convenio.

Indo máis aló, o argumento presentado pola empresa perde forza á vista das ofertas técnica e económica presentadas para cada Lote:

Na oferta técnica propón unha mellora na calidade do emprego do 1% sobre o salario base dos traballadores (sobre o convenio de 2017 da provincia de Lugo supón 86 euros/anuais)

Na oferta económica realiza a seguinte oferta por lotes.

LOTE	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN C/IVA	OFERTA ECONÓMICA LIMPERGAL, S.L	BAIXA
LOTE 1	839.852,01 €	818.928,00 €	20.924,01 €
LOTE 2	656.903,01 €	644.274,18 €	12.628,83 €
LOTE 3	201.437,91 €	201.102,00 €	335,91 €
LOTE 4	444.694,83 €	434.511,00 €	10.183,83 €
LOTE 5	674.836,08 €	626.291,16 €	48.544,92 €
TOTAL	2.817.723,84 €	2.725.106,34 €	92.617,50 €

Á vista das proposicións dedúcese que para Limpergal, S.L. o valor de licitación non se consideraba desaxustado, permitindo realizar unha baixada de 92.617,50€ e toda vez que para

realizar a súa oferta conta con toda a información dispoñible de como o órgano de contratación calcula o orzamento de licitación.

Dedúcese, polo tanto, que o orzamento de licitación está axustado a convenio sectorial de aplicación (convenio colectivo provincial para o sector de limpeza de edificios e locais de Lugo – BOP 24/11/2017) e que resulta suficiente para facer fronte ás obrigas contractuais da empresa polo que non ha lugar aos argumentos esgrimidos pola mesma toda vez que fala de que detecta erros aritméticos pero en ningún momento facilita un cálculo que sustente tal afirmación.

Na deriva do expediente de contratación se observa unha actitude por parte da empresa Limpergal, S.L. cando menos ambigua en todo o procedemento. Inicialmente non responde ao requirimento de subsanación da oferta técnica, tenta retrasar o procedemento de adxudicación e termina cun argumento inxustificado e insuficiente alegando sen máis que o orzamento de licitación contén erros aritméticos e pide a suspensión dun prazo, sen mais fundamento que alegar un erro nun prego asumido.

Non concorre o suposto erro aritmético. O erro aritmético consiste en meras equivocacións de cálculo aritmético e hai que ter en conta que a Administración non pode alterar sumandos ou factores. Este tipo de erro é o resultado de equivocacións ao consignar un determinado número ou o resultado de operacións aritméticas sometidas a regras claramente establecidas.

En calquera caso, non se pode modificar un prego, por vía de erro aritmético, nun aspecto esencial que pode afectar ao prezo do contrato, cando xa se atopa ultimada a fase de adxudicación. O ámbito do erro límtase ao desenvolvemento ou práctica das modificacións que non impliquen un cambio xurídico substancial da decisión adoptada, tendo a devandita figura un uso restritivo e limitado. O erro non pode ser utilizado como ferramenta xurídica válida para alterar o senso e alcance dos actos administrativos, mediante unha nova práctica da avaliación probatoria, a aplicación de novos fundamentos xurídicos ou a inobservancia dos que serviron de sustento para a decisión.

O artigo 122.1 da LCSP alude a erros materiais, de feito ou aritméticos nos pregos e sobre estes erros existe unha ampla doutrina moi restritiva, fixada en distintas sentenzas do Tribunal Supremo e polo propio Consejo de Estado.

O Consejo de Estado, en doutrina reiterada, advertiu da necesidade de interpretar o artigo 105.2 da LRJ de xeito restrictivo, sinalando que a técnica de rectificación de erros de actos administrativos implica que os devanditos actos subsistan rectificado e por elo sexan revocados. O Consello de Estado sinala que esta técnica de rectificación de erros é utilizable de acordo co criterio do Tribunal Supremo, que esixe as seguintes condicións materiais á corrección de erros:

Que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou de transcripción de documentos.

Que o erro se aprecie tendo en conta, exclusivamente, os datos do expediente administrativo.

Que o erro sexa patente e notorio, sen necesidade de acudir a normas xurídicas aplicables.

Que non se proceda de oficio á revisión de actos firmes e consentidos.

Que non se produza unha alteración fundamental do senso do acto, toda vez que non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de valoración xurídica.

Que non padeza a subsistencia do acto administrativo.

Que se aplique cun fondo criterio restrictivo.

Así mesmo, a Resolución do TRCRC núm. 281/2015, de 30 de marzo, na que se examinaba a legalidade dunha modificación do PCAP producida unha vez rematado o prazo para a

presentación de ofertas e tendo xa presentadas proposicións á licitación de que se trataba, indica que: “los pliegos que rigen determinada contratación no pueden, con carácter general, una vez aprobados, ser modificados por el Órgano de contratación, si no es a través de alguno de los cauces que el ordenamiento jurídico articula para ello y que serían, en principio, los tres siguientes (entre otras, resolución 160/2014, de 28 de febrero, FJ octavo:

El cauce de la rectificación de errores materiales, de hecho o aritméticos previsto, con carácter general, en el artículo 105.2 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, y en el artículo 75 del RGCAP;

El cauce de la revisión de oficio de los actos nulos de pleno derecho previsto en el artículo 102 de la LRJPAC;

Y el cauce de la declaración de lesividad y posterior anulación ante la Jurisdicción Contencioso-Administrativa de los actos anulables previsto en el artículo 103 de la LRJPAC.

Fuera de los casos de errores materiales, de hecho o aritméticos, no está el Órgano de contratación habilitado para modificar unilateralmente las cláusulas de los pliegos aprobados por el mismo, con la sola excepción de que la cláusula en cuestión fuera nula de pleno derecho o anulable, en cuyo caso habría de seguirse el procedimiento establecido al efecto.”

Esta doutrina é acaída ao caso analizado, atendendo ao artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, agora remitiría ao art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, aplicable por mor da Disposición Final 4ª da LCSP.

O licitador proposto como adxudicatario de varios dos lotes licitados do servizo de limpeza de distintos edificios e dependencias da Deputación de Lugo, non pode apartarse, nesta fase do procedemento de contratación, do contido duns pregos de contratación, previamente aceptados. Así, a xurisprudencia e a doutrina administrativa dos Tribunais de recursos contractuais consolida o

argumento de que a presentación de oferta equivale á súa aceptación toda vez que existe un trámite especialmente concebido para impugnar os pregos na súa fase inicial mediante o recurso especial en materia de contratación contra “os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que deben rexer a contratación”.

Neste senso, a STS de 9 de febreiro de 2001 (casación 1090/1995 FJ 2º), recordando o dito polas anteriores de 18 de abril de 1986, 3 de abril de 1990 e 12 de maio de 1992 (por máis identificación), dí que “[e]l pliego de condiciones constituye la Ley del Concurso, debiendo someterse a sus reglas tanto el organismo convocante como quienes soliciten tomar parte en el mismo, especialmente cuando no hubieran impugnando previamente sus bases, pues, en efecto, si una entidad licitante se somete al concurso tal y como ha sido convocado, sin impugnar en ningún momento las condiciones y bases por las que se rija, tomando parte del mismo, con presentación de su correspondiente oferta, y prestando su consentimiento tanto a las propias prescripciones de la licitación como a la participación de las restantes entidades, carecerá de legitimación para impugnarlo después, contraviniendo sus “propios actos” [...]. En el mismo sentido SAN de 25 de marzo de 2015 (recursos 193/2013 y 180/2013, FFJJ 3º) y Resol. TACRC 225/2016, de 01/03/2016.

Os propios pregos reitores establecen nas súas cláusulas décimo primeira e trixésimo segunda que “A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego e do prego de prescricións técnicas, sen salvedade algunha”.

Xa que logo, neste intre non pode discutirse uns pregos previamente aceptados, aducindo un eventual erro de cálculo.

Tal e como se reflectiu na notificación dirixida a Limpergal o 13 de decembro de 2019:

De conformidade co disposto no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta,

procedéndose a esixirlle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71.

A empresa Limpergal non contesta debidamente ao requirimento practicado polo que, con arranxo ao establecido no artigo 150.2 da LCSP, enténdese que o licitador Limpergal, S.L. retirou a oferta e procedería a tramitación de procedemento para impoñer penalidades no importe do 3% do orzamento base de licitación (cláusula décima do PCAP).

En cumprimento do establecido no artigo 150.2 da LCSP e considerando que para os lotes 1, 3, 4 e 5 non existen máis licitadores debe declararse deserto o procedemento de contratación para tales lotes e ordenarse o inicio dun procedemento novo.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

No caso que nos ocupa, a declaración do Procedemento como deserto equivale á non adxudicación do contrato neses lotes, de modo que pode entenderse á competencia da Xunta de Goberno a adopción, se procede, dos seguintes acordos:

Rexeitar a solicitude realizada pola empresa Limpergal, S.L. para a rectificación do orzamento de licitación por considerar que o orzamento é axustado ás prestacións do contrato, non ten a consideración de erro aritmético e o licitador resulta vinculado polos pregos que acepta.

Considerar como incumprimentado pola empresa Limpergal, S.L. o requirimento practicado na data de 13 de decembro de 2018 e entender, en aplicación do artigo 150.2 da LCSP,

que a empresa Limpergal S.L. retirou as súas ofertas para os lotes 1, 3, 4 e 5 do procedemento de contratación do Servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación de Lugo.

Incoar a tramitación dun procedemento para impoñer penalidades, nos termos do artigo 150.2 da Lei de contratos do sector público e cláusula décima do PCAP, á empresa Limpergal, S.L.

Declarar deserto o procedemento de contratación do Servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación de Lugo no que respecta aos lotes 1, 3, 4 e 5 e ordenar a incoación dun novo procedemento contractual.

Polo que vai dito e, en base ao mesmo, formúlase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

1º.- Rexeitar a solicitude realizada pola empresa Limpergal, S.L. para a rectificación do orzamento de licitación por considerar que o orzamento é axustado ás prestacións do contrato, non ten a consideración de erro aritmético e o licitador resulta vinculado polos pregos que acepta.

2º.- Considerar como incumprimentado pola empresa Limpergal, S.L. o requirimento practicado na data de 13 de decembro de 2018 e entender, en aplicación do artigo 150.2 da LCSP, que a empresa Limpergal S.L. retirou as súas ofertas para os lotes 1, 3, 4 e 5 do procedemento de contratación do Servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación de Lugo.

3º.- Incoar a tramitación dun procedemento para impoñer penalidades, nos termos do artigo 150.2 da Lei de contratos do sector público e cláusula décima do PCAP, á empresa Limpergal, S.L.

4º.- Declarar deserto o procedemento de contratación do Servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación de Lugo no que respecta aos lotes 1, 3, 4 e 5 e ordenar a incoación dun novo procedemento contractual.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta

presentada e anteriormente transcrita.

3.- ADXUDICACIÓN DO TERCEIRO CONTRATO DERIVADO DO ACORDO MARCO PARA A SELECCIÓN DE EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE EMULSIÓN ASFÁLTICA TIPO C65B3 (ANTIGA ECR-2), PARA O PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións xurídicas:

Antecedentes

Incoouse expediente administrativo coa finalidade de proceder á selección dun máximo de cinco empresas subministradoras de emulsión asfáltica tipo C65B3 (antiga ECR-2) para o Parque Móbil provincial. Na data do 15 de febreiro 2016, aprobouse pola Xunta de Goberno da Deputación o procedemento de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o gasto. Os anuncios de licitación foron publicados no Diario Oficial da Unión Europea o día 27 de febreiro de 2016, no BOP N° 052, do 04 de marzo de 2016, e no perfil do contratante o día 29 de febreiro de 2016, no BOE N° 62, do 12 de marzo de 2016.

Tramitouse, adxudicouse e formalizouse o acordo marco a favor das empresas REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A., MARÍN PETRÓLEOS S.A. e PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.. O acordo marco formalízase o día 01 de xullo de 2016 cunha duración inicial de dous anos e prorrógase na data do 29 de xuño de 2018, ata o 01 de xullo de 2019.

O primeiro contrato derivado do acordo marco – aprobado mediante Acordo da Xunta de Goberno, de data 02 de decembro de 2016- formalízase na data do 13 de marzo de 2017 e mantén os seus efectos ata o día 13 de setembro de 2017. Por Resolución da Presidencia, de data 21 de

agosto de 2017, prorrógase o primeiro contrato derivado do acordo marco ata o 13 de decembro de 2017.

O segundo contrato derivado do acordo marco – aprobado mediante Acordo da Xunta de Goberno, de data 22 de setembro de 2017 - formalízase na data do 17 de xaneiro de 2018 e mantén os seus efectos ata o día 17 de xullo de 2018. Por Resolución da Presidencia, de data 29 de xuño de 2018, prorrógase o segundo contrato derivado do acordo marco ata o 17 de xaneiro de 2019.

Na data do 14 de decembro de 2018, a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobou o inicio do terceiro contrato derivado do acordo marco para a selección de empresas subministradoras de emulsión asfáltica tipo C65B3 (antiga ECR-2) para o parque móbil provincial, por importe de 290.400 euros, aos que se engadirán 60.984 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 351.384 euros.

O día 09 de xaneiro de 2019, reúnese a mesa de contratación co obxecto de proceder á apertura e valoración das propostas presentadas [(tendo en conta as puntuacións da fase 1 do procedemento, acordo marco) e as desta fase segunda (terceiro contrato derivado)].

O día 18 de xaneiro de 2019 a Presidencia da corporación resolve prestar aprobación á proposta feita pola mesa de contratación, e consecuentemente clasifica aos licitadores presentados pola súa orde de importancia e ponderación e ordena requirir ao mellor clasificado a documentación á que se refire a cláusula vixésimo oitava do PCAP.

Consideracións xurídicas

A disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, pola que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, di:

Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados

se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

(...)

Os contratos baseados en acordos marco ou en sistemas dinámicos de adquisición rexeranse pola normativa aplicable a estes.

(...)”

A adxudicación deste acordo marco (ex artigo 197 do TRLCSP), habilita a tramitación do procedemento de adxudicación dos contratos baseados no acordo marco (contratos derivados), de conformidade co establecido no artigo 198 do TRLCSP.

O artigo 198 do TRLCSP, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, regula a adxudicación dos contratos baseados nun acordo marco. Este contrato solo pode celebrarse entre ós órganos de contratación e as empresas que fose orixinariamente parte naquel (art. 198.1).

O parágrafo 4º deste art. 198, para os supostos en que o acordo marco se celebre con varios empresarios, a adxudicación dos contratos nel baseados efectuarase aplicando os termos fixados no propio acordo marco, sen necesidade de convocar as partes a unha nova licitación. Non obstante, cando non tódolos termos se atopen establecidos no acordo marco, a adxudicación dos contratos derivados, efectuarase convidando ás partes a unha nova licitación, tomando como base os mesmos termos, formalizándoos de maneira máis precisa se fose necesario e, se fose do caso, outros termos aos que se refiran as especificacións do acordo marco, consonte co seguinte procedemento:

Por cada contrato que haya de adjudicarse, se consultará por escrito a todas las empresas capaces de realizar el objeto del contrato; no obstante, cuando los contratos a adjudicar no estén

sujetos, por razón de su objeto y cuantía, a procedimiento armonizado, el órgano de contratación podrá decidir, justificándolo debidamente en expediente, no extender esta consulta a la totalidad de los empresarios que sean parte del acuerdo marco, siempre que, como mínimo, solicite ofertas a tres de ellos.

Se concederá un plazo suficiente para presentar las ofertas relativas a cada contrato específico, teniendo en cuenta factores tales como la complejidad del objeto del contrato y el tiempo necesario para el envío de la oferta.

Las ofertas se presentarán por escrito y su contenido será confidencial hasta el momento fijado para su apertura.

De forma alternativa a lo señalado en las letras anteriores, el órgano de contratación podrá abrir una subasta electrónica para la adjudicación del contrato conforme a lo establecido en el artículo 148.

El contrato se adjudicará al licitador que haya presentado la mejor oferta, valorada según los criterios detallados en el acuerdo marco.

Si lo estima oportuno, el órgano de contratación podrá decidir la publicación de la adjudicación conforme a lo previsto en el artículo 154”.

No caso que nos ocupa, o prego de cláusulas administrativas para a celebración do acordo marco tamén regula de xeito pormenorizado os contratos derivados, no apartado de cláusulas particulares dos contratos derivados, en particular as invitacións, establecendo a cláusula vixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas o seguinte: “por cada contrato que haxa de adxudicarse, consultarase por escrito a todas as empresas adxudicatarias do acordo marco. A tales efectos cursarase convite a todas as empresas adxudicatarias, concedéndolles para a presentación de ofertas, de conformidade co apartado b do artigo 198.4 do TRLCSP, un prazo de 15 días naturais, a contar dende a data de envío do convite por correo electrónico que será coincidente coa

data de publicación de anuncio de apertura de prazo de presentación de ofertas no perfil do contratante. Os convites remitiranse unicamente á dirección de correo electrónico e/ou fáu facilitado polos licitadores. O mesmo día de remisión da carta de convite procederase a publicar no perfil do contratante anuncio de apertura de prazo de presentación de ofertas, no que se recollerá o prezo unitario máximo”.

O día 18 de decembro de 2018 publicouse no perfil do contratante anuncio de apertura do prazo de presentación de propostas e cursouse convite ás empresas REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A., MARÍN PETRÓLEOS S.A. e PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.

Reunida a mesa de contratación, na data do 09 de xaneiro de 2019, e tendo en conta as puntuacións da fase 1 do procedemento (acordo marco) e as desta fase segunda (terceiro contrato derivado), e unha vez aplicada a fórmula matemática previstas nos pregos de cláusulas administrativas, acordou elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADOR	NOTAS FASE 1	NOTAS FASE 2	NOTAS TOTAIS
Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	50	50	100
Repsol Lubricantes y Especialidades S.A.	22,67	10,42	33,09

Requirir á empresas Probisa Productos Bituminos S.L.U., a documentación que se recolle na cláusula vixésimo oitava do prego de cláusulas administrativas.

A Presidencia da Deputación Provincial, na data do 18 de xaneiro de 2019, Resolveu prestar aprobación á proposta feita pola mesa de contratación o día 09 de xaneiro de 2019 polo que o

Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento o 22 de xaneiro de 2019, concedendo ao licitador proposto como adxudicatario un prazo de dez días hábiles, para presentar a documentación requirida.

A empresa PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L. presenta a documentación requirida en base á Resolución da Presidencia, de data 18 de xaneiro de 2019 no prazo estipulado a tal fin (consta no expediente presentada na data do 29 de xaneiro de 2019). Se ben o seguro de caución presentado o día 29 de xaneiro de 2019 (constituído o día 23 de xaneiro de 2019), non se atopaba bastantado pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo, trámite efectuado o día 05 de febreiro de 2019.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 51.1 e 51.2 do TRLCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Proceder á adxudicación do terceiro contrato derivado do acordo marco para a selección de empresas subministradoras de emulsión asfáltica C65B3 (ANTIGA ECR-2) para o parque móbil provincial a favor da entidade PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L., con, e como representante da mesma a D. Luis Rodríguez Tosina, por un importe de 290.400,00 euros, aos que se engadirán 60.984,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 351.384,00 euros, atendendo ao seguinte prezo unitario:

254,40 euros por Tn de emulsión, aos que se engadirán 53,42 euros/Tn en concepto de IVE, o que ascende a un total de 307,82 euros/Tn.

O prazo de duración do contrato será ata un máximo de seis meses contados a partir da sinatura da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto, dende a formalización do contrato en documento administrativo. Rematará, non obstante, no intre temporal no que venza o acordo marco do que trae causa, isto é, o 1 de xullo de 2019.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 228 bis do TRLCSP; o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas.

2º.- Publicar no perfil do contratante e notificar aos licitadores, a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 53 e 151.4 do TRLCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 156 do TRLCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE BEGONTE.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0801 “BEGONTE (N-VI)-VEIGAS DE BALTAR (LU-541)”, P.K. 0+000 AL 2+875.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 98.095,53 €, o que terá que engadirse a cantidade de 20.600,06 € corresponden ao IVE, correspondente á obra: BEGONTE.- Rehabilitación de firme LU-P-0801 “Begonte(N-VI)-Veigas de Baltar (LU-541)”, P.K. 0+000 al 2+875.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 16 de agosto de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 2 de outubro de 2018 deuse conta do informe da Unidade de Rexistro, no que constan as empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas á contratación, e do Informe do Servizo de Contratación en relación á presentación en prazo das ofertas recibidas para a obra BEGONTE.- Rehabilitación de firme LU-P-0801 “Begonte(N-VI)-Veigas de Baltar (LU-541)”, P.K. 0+000 al 2+875, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 16 de agosto de 2018. A mesa acordou, por unanimidade, aceptar ditos informes na súa integridade e en consecuencia facelos seus, uníndose á Acta, e admitindo ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame da documentación administrativa (sobre 1) presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma acordouse, por unanimidade, aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do sobre “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:



BEGONTE.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0801 "BEGONTE(N-VI)-VEIGAS DE BALTAR (LU-541)", PK 0+000 AL 2+875										
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)			118.695,59	DE IVE (partida independente)			MELLORAS			
VALOR ESTIMADO			98.095,53	20.600,06				IMP SIN IVE	27,01	IMP CON IVE 38,89
CLASIFICACION EXIGIDA:									IMP. GX e BI	32,14
PRAZO DE EXECUCION:			6			MAXIMO 4.904,78				
EMPRESAS / (GRUPO)			(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPAT E	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)
			PREZO (IVE incluído - art 102)	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa 38,89	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Minusválidos	%	%	
1	PROVISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	118.217,00 €	725,00	28.082,47	4.904,78 €	190/4	99,60%	0,40%	90.134,53 €
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	86.878,00 €	0,00	0,00	0,00 €	44/1	73,19%	26,81%	86.878,00 €
3	DESARROLLOS Y METAS SL		83.877,20 €	50,00	1.374,18	200,00 €	22/0	70,67%	29,33%	82.503,02 €
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	B	103.026,66 €	10,00	337,57	100,00 €	50/2	86,80%	13,20%	102.689,09 €
5	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	B	113.697,65 €	150,00	5.587,91	5.000,00 €	9/0	95,79%	4,21%	108.109,74 €
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL		91.098,87 €	225,00	6.715,82	1.525,15 €	87/1	76,75%	23,25%	84.383,05 €
7	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	C	97.176,00 €	70,19	2.234,80	980,96 €	184/3	81,87%	18,13%	94.941,20 €
8	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	C	99.858,60 €	131,23	4.293,60	980,96 €	11/0	84,13%	15,87%	95.565,00 €
9	CANARGA CONSTRUCCIONES SL		105.000,00 €	21,00	722,44	826,45 €	48/0	88,46%	11,54%	104.277,56 €
10	HORDESCÓN SL		107.289,07 €	25,00	878,82	515,18 €	17/0	90,39%	9,61%	106.410,25 €
11	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		106.826,04 €	0,00	0,00	200,00 €	9/0	90,00%	10,00%	106.826,04 €

Pola mesa observouse que algunhas das ofertas non inclúen no prezo o IVE, senón que distinguen entre base e importe de IVE en apartados separados. A mesa acordou aceptar as ofertas efectuando no mesmo acto a operación matemática que permite obter o prezo de acordo co establecido no artigo 102 da LCSP (IVE incluído). Este dato cotéxase como consecuencia dunha simple operación matemática e ademais o IVE correspondente ao prezo real constátase co exemplo que segue: (prezo 100.000,00; IVE: 21.000,00; o prezo segundo o artigo 102 LCSP sería 121.000,00). (Este razoamento é extensible ao resto de obras incorporadas á orde do día desta Mesa de contratación).

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	PROVISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	90.134,53 €
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	86.878,00 €
3	DESARROLLOS Y METAS SL		82.503,02 €
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	B	102.689,09 €
5	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	B	108.109,74 €
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL		84.383,05 €
7	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	C	94.941,20 €
8	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	C	95.565,00 €
9	CANARGA CONSTRUCCIONES SL		104.277,56 €
10	HORDESCÓN SL		106.410,25 €
11	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		106.826,04 €

MEDIA	NOVA MEDIA
96.113,53	92.611,99

BAIXA TEMERARIA	NOVA BAIXA
86.502,17	83.350,79

10% ARRIBA
105.724,88

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
PROVISA VÍAS Y OBRAS SLU
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL

A vista do anterior, obsérvase que a oferta presentada pola mercantil DESARROLLOS Y METAS SL incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que a Mesa acorda, que polo Servizo de Contratación e Fomento se tramite a concesión de apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

A Mesa de contratación, en reunión celebrada en data 30 de novembro de 2018 tomou coñecemento do informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros constan os seguintes extremos:

“(…) polo Servizo de Contratación, tendo en conta o establecido no PCAP reitor da adxudicación da obra, solicitouse da empresa a súa xustificación, a través de escrito con RS 12438 de data 11 de outubro de 2017, achegado a través do correo electrónico autorizado polo licitador en data 16 de outubro de 2018 e con confirmación de lectura dese mesmo día 16 de outubro de 2018.

A empresa DESARROLLOS Y METAS SL, non consta que presentara xustificación no prazo outorgado, segundo informe da Unidade de Rexistro Xeral emitido en data 15 de novembro de 2018.

Doutra banda, entre as funcións da mesa de contratación, o artigo 22.f do RD 817/2009, de 8 de maio, do Regulamento de desenvolvemento da Lei de Contratos do Sector público, en canto as funcións da mesa precisa “...Cuando entienda que alguna de las proposiciones podría ser calificada

como anormal o desproporcionada, tramitará el procedimiento previsto al efecto por el artículo 136.3 de la Ley de Contratos del Sector Público, y en vista de su resultado propondrá al órgano de contratación su aceptación o rechazo, de conformidad con lo previsto en el apartado 4 del mismo artículo”.

De non presentarse xustificación da oferta presentada, non cabe a súa valoración e verificación da súa viabilidade, de modo que a execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato queda garantido nos termos fixados nos pregos de condicións (ver acordo 21/2013, do 30 de abril, do TAC de Aragón) e igualmente que naquela oferta desproporcionada ou anormal non existen prácticas restritivas de competencia.

Neste sentido, e como recorda o TACRC, en resolución 217/2011, do 14 de novembro, no procedemento de xustificación da oferta non é suficiente unha afirmación, senón que se require unha explicación, que mal pode combatirse se non queda reflexada por escrito.

Asemade debe terse en conta que a cualificación dunha oferta como desproporcionada ou anormal enténdese como presunta; presunción que se pode desmontar coa xustificación ou defensa das razóns que motivaron a presentación de tal proposición. Ao non aportarse naquel trámite xustificación algunha, permanece viva a presunción de temeridade (Resolución nº 385/2015, do 21 de xullo de 2015 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Estremadura).

Tendo en conta o anterior, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, que procedería o seguinte:

Rexeitar, ao non presentar a xustificación da oferta desproporcionada ou anormal, a oferta da mercantil DESARROLLOS Y METAS SL, elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión.

Realizar a valoración do resto das ofertas admitidas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas

Administrativas Particulares reitor da execución da obra. E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito”.

Pola Mesa, por unanimidade acordase aceptalo e en consecuencia facelo seu, unindo á presente Acta, polo que se procede á valoración do resto das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

7			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	PROVISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	118.217,00 €	1,13	725,00	20,00	4.904,78 €	5,00	26,13
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	86.878,00 €	75,00	0,00	0,00	0,00 €	0,00	75,00
3	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	B	103.026,66 €	36,93	10,00	0,28	100,00 €	0,10	37,31
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	B	113.697,65 €	11,78	150,00	4,14	5.000,00 €	5,00	20,92
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL		91.098,87 €	65,05	225,00	6,21	1.525,15 €	1,55	72,81
6	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	C	97.176,00 €	50,73	70,19	1,94	980,96 €	1,00	53,67
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	C	99.858,60 €	44,40	131,23	3,62	980,96 €	1,00	49,02
8	CANARGA CONSTRUCCIONES SL		105.000,00 €	32,28	21,00	0,58	826,45 €	0,84	33,70
9	HORDESCÓN SL		107.289,07 €	26,89	25,00	0,69	515,18 €	0,53	28,11
10	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		106.826,04 €	27,98	0,00	0,00	200,00 €	0,20	28,18

A vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda que se eleve ao órgano de contratación a Acta e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a

documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 21 de decembro de 2018 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Rexeitar, ao non presentar a xustificación da oferta desproporcionada ou anormalmente baixa, a oferta da mercantil DESARROLLOS Y METAS SL, quedando polo tanto excluída da clasificación e da licitación.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormais de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

1. EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	75,00
2	GRUPO BASCUAS 2008 SL		72,81
3	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	C	53,67
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	C	49,02
5	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	B	37,31
6	CANARGA CONSTRUCCIONES SL		33,70
7	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		28,18
8	HORDESCÓN SL		28,11
9	PROVISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	26,13
10	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	B	20,92

Requirir ao contratista OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras”.

Por escrito con rexistro de saída de data 24 de xaneiro de 2019 foille notificado á mercantil DESARROLLOS Y METAS SL a Resolución da Presidencia de data 28 de decembro de 2018, pola que se exclúe da clasificación e por ende da licitación, ao non presentar xustificación da súa oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

Por escrito con rexistro de saída de data 15 de xaneiro de 2019 foi requirida a mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 3.590,00 euros; documentación que foi achegada en tempo e forma.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra BEGONTE.- Rehabilitación de firme LU-P-0801 “Begonte(N-VI)-Veigas de Baltar (LU-541)”, P.K. 0+000 al 2+875, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 10 de agosto de 2018, á mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, , representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro, no prezo de 86.878,00 dos cales 15.078,00 € son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 0 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 0,00 € e 0,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito”.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra **BEGONTE.-** Rehabilitación de firme LU-P-0801 “Begonte(N-VI)-Veigas de Baltar (LU-541)”, P.K. 0+000 al 2+875, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 10 de agosto de 2018, á mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro , no prezo de 86.878,00 dos cales 15.078,00 € son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 0 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 0,00 € e 0,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Requerir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A
ADXUDICACIÓN DA OBRA DE SOBER.- ACONDICIONAMIENTO LU-P-5903
“SOBER-DOADE (LU-903)”, P.K. 2+350 AL 2+750 Y 10+720 AL 12+000 Y LU-P-3201
“MONFORTE-SOBER”, P.K. 3+320 AL 4+100 Y 5+700 AL 6+500.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 7 de setembro de 2018, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 228.782,50 €, dos cales 39.706,05€ corresponden ao IVE, correspondente á obra: SOBER.- acondicionamiento LU-P-5903 "Sober-Doade (LU-903)", PK 2+350 al 2+750 y 10+720 al 12+000 y LU-P-3201 "Monforte-Sober", PK 3+320 al 4+100 y 5+700 al 6+500.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 20 de setembro de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 29 de outubro de 2018 deuse conta do informe da Unidade de Rexistro, no que constan as empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas á contratación, e do Informe do Servizo de Contratación en relación á presentación en prazo das ofertas recibidas para a obra SOBER.- Acondicionamiento LU-P-5903 "Sober-Doade (LU-903)", PK 2+350 al 2+750 y 10+720 al 12+000 y LU-P-3201 "Monforte-Sober", PK 3+320 al 4+100 y 5+700 al 6+500. segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 20 de setembro de 2018.

A mesa acordou, por unanimidade, aceptar ditos informes na súa integridade e en consecuencia facelos seus, uníndose á Acta, e admitindo ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame da documentación administrativa (sobre 1) presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma acordouse, por unanimidade, aceptalas a todas.

SOBER.- ACONDICIONAMIENTO LU-P-5903 "SOBER-DOADE (LU-903)", PK 2+350 AL 2+750 Y 10+720 AL 12+000 Y LU-P-3201 "MONFORTE-SOBER". PK 3+320 AL 4+100 Y 5+700 AL 6+500

MELLORAS			
IMP. SIN IVE	47,56	IMP CON IVE	68,49

MAXIMO
9.453,82

Pola mesa observouse que algunhas das ofertas non inclúen no prezo o IVE, senón que distinguen entre base e importe de IVE en apartados separados. A mesa acordou aceptar as ofertas efectuando no mesmo acto a operación matemática que permite obter o prezo de acordo co establecido no artigo 102 da LCSP (IVE incluído). Este dato cotéxase como consecuencia dunha simple operación matemática e ademais o IVE correspondente ao prezo real constátase co exemplo que segue: (prezo 100.000,00; IVE: 21.000,00; o prezo segundo o artigo 102 LCSP sería 121.000,00). (Este razoamento é extensible ao resto de obras incorporadas á orde do día desta Mesa de contratación).

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	AGOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA		172.707,91 €
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	211.387,00 €
3	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	222.617,86 €
4	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		157.276,27 €
5	OPAGA 003 SL		188.722,26 €
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL		196.965,98 €
7	HORDESCÓN SL		218.331,43 €

MEDIA	NOVA MEDIA
190.898,48	178.918,11

BAIXA TEMERARIA	NOVA BAIXA
171.808,63	161.026,29

10% ARRIBA
209.988,32

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU

A vista do anterior, obsérvase que a oferta presentada pola mercantil FEVISA VIAS Y OBRAS SL incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que a Mesa acorda, que polo Servizo de Contratación e Fomento se tramite a concesión de apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

A Mesa de contratación, en reunión celebrada en data 21 de decembro de 2018 tomou coñecemento do informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros constan os seguintes extremos:

“(…) Polo Servizo de Vías e Obras, en data 26 de novembro de 2018, achégase informe en relación coa xustificación da oferta da mercantil FEVISA VÍAS Y OBRAS SL no que, entre outros, constan os seguintes extremos:

“(…)

Que a documentación aportada pola citada empresa non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou costes propostos en ningún dos aspectos referidos no texto legal:

Aforro que permita o procedemento de fabricación ou o método de construción.

Solucións técnicas adoptadas ou condicións excepcionalmente favorables de que se dispoña para subministrar os produtos ou executar as obras.

Innovación ou orixinalidade das solucións propostas, para subministrar os produtos ou executar as obras.

Respecto das obrigas que resulten en materia medioambiental, social ou laboral, e de subcontratación.

A posible obtención dunha axuda do estado.

Conclusión

Elévase o presente informe a trámite e consideración da Mesa de Contratación, si ben polo técnico que subscribe non se considera suficientemente xustificada a oferta anormalmente baixa da empresa FEVISA VÍAS Y OBRAS SL.”

Tendo en conta o anterior, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, que procedería o seguinte:

Rexeitar, en base ao informe técnico emitido, a oferta de FEVISA VÍAS Y OBRAS SL ao non considerarse xustificada a oferta desproporcionada ou anormal, elevando ao Órgano de Contratación proposta de exclusión.

Realizar a valoración do resto das ofertas admitidas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra.

E canto procede informar, se prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito”.

Pola Mesa, por unanimidade acordase aceptalo e en consecuencia facelo seu, unindo á presente Acta, polo que se procede á valoración do resto das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. COMUNICACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	AGOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA		172.707,91 €	75,00	0,00	0,00	0,00 €	0,00	75,00
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	211.387,00 €	23,27	0,00	0,00	0,00 €	0,00	23,27
3	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	228.781,96 €	0,00	90,00	14,17	9.453,80 €	5,00	19,17
4	OPAGA 003 SL		196.180,99 €	43,60	127,00	20,00	1.796,23 €	0,95	64,55
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL		203.044,47 €	34,42	100,00	15,75	1.430,37 €	0,76	50,93
6	HORDESCÓN SL		220.843,74 €	10,62	38,00	5,98	677,69 €	0,36	16,96

A vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda que se eleve ao órgano de contratación a Acta e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a

documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 16 de xaneiro de 2019 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…) Rexeitar, en base ao informe técnico emitido, a oferta de FEVISA VÍAS Y OBRAS SL ao non considerarse xustificada a oferta desproporcionada ou anormal, elevando ao Órgano de Contratación proposta de exclusión.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormais de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
3	AGOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA		75,00
4	OPAGA 003 SL		64,55
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL		50,93
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	23,27
2	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	19,17
6	HORDESCÓN SL		16,96

Requirir ao contratista AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito con rexistro de data 24 de xaneiro de 2019 foille notificado á mercantil FEVISA VIAS Y OBRAS SL a Resolución da Presidencia de data 18 de xaneiro de 2019, pola que se exclúe da clasificación e por ende da licitación, ao non presentar xustificación da súa oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

Por escrito con rexistro de saída de data 24 de xaneiro de 2019 foi requirida a mercantil Aglomerados y Construcciones Valdeorras SA, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 7.136,69 euros; documentación que foi achegada en tempo e forma.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra SOBER.- Acondicionamiento LU-P-5903 "Sober-Doade (LU-903)", PK 2+350 al 2+750 Y 10+720 al 12+000 Y LU-P-3201 "Monforte-Sober", PK 3+320 al 4+100 Y 5+700 al 6+500 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 7 de setembro de 2018, á mercantil Aglomerados y Construcciones Valdeorras SA , representada por D. Rafael Rodriguez González , no prezo de 142.733,81 € e 29.974,10 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 0 (cero) metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 0 (cero) € e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das

obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito”.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra SOBER.- Acondicionamiento LU-P-5903 "Sober-Doade (LU-903)", PK 2+350 al 2+750 y 10+720 al 12+000 y LU-P-3201 "Monforte-Sober", PK 3+320 al 4+100 y 5+700 al 6+500 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 7 de setembro de 2018, á mercantil Aglomerados y Construcciones Valdeorras SA , representada por D. Rafael Rodriguez González , no prezo de 142.733,81 € e 29.974,10 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 0 (cero) metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 0 (cero) € e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o

carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.-Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE: OUROL.- REHABILITACIÓN DE FIRME EN TRAMOS DE VÍAS LU-P-3801 “OUROL-O CARME-AS LOBEIRAS, P.K. 1+900-9+820; LU-P-3802 “OUROL-IGREXA DE OUROL”, P.K. 0+000-1+665; LU-P-6602 “RUANOVA-SIXTO-MURAS”, P.K. 6+550-8+300; LU-P-3807 “BRAVOS-FOXO-SAN PANTALEÓN”, P.K. 0+000-0+450 E LU-P-3803 “PONTE TORTA-CRUZ DAS LEIRAS”, P.K. 0+900-1+750.

Logo de ver a proposta da Presidencia dos seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 17 de agosto de 2018, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación cun orzamento de licitación de 333.658,70 €, (IVE incluído), correspondente á obra: OUROL.- Rehabilitación de firme en tramos de vías: LU-P-3801 "Ouro - O Carme - As Lobeiras, P.K. 1+900 - 9+820; LU-P-3802 "Ouro - Igrexa de Ouro", P.K. 0+000 - 1+665; LU-P-6602 "Ruanova -Sixto - Muras", P.K. 6+550 - 8+300; LU-P-3807 "Bravos - Foxo- San Pantaleón" P.K. 0+000 - 0+450 e LU-P-3803 "Ponte Torta - Cruz das Leiras", P.K. 0+900 - 1+750.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 30 de agosto de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 2 de outubro de 2018 deuse conta do informe da Unidade de Rexistro, no que constan as empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas á contratación, e do Informe do Servizo de Contratación en relación á presentación en prazo das ofertas recibidas para a obra OUROL.- Rehabilitación de firme en tramos de vías: LU-P-3801 "Ouro - O Carme - As Lobeiras, P.K. 1+900 - 9+820; LU-P-3802 "Ouro - Igrexa de Ouro", P.K. 0+000 - 1+665; LU-P-6602 "Ruanova -Sixto - Muras", P.K. 6+550 - 8+300; LU-P-3807 "Bravos - Foxo- San Pantaleón" P.K. 0+000 - 0+450 e LU-P-3803 "Ponte Torta - Cruz das Leiras", P.K. 0+900 -1+750, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 30 de agosto de 2018. A mesa acordou, por unanimidade, aceptar ditos informes na súa integridade e en consecuencia facelos seus, uníndose á Acta, e admitindo ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame da documentación administrativa (sobre 1) presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma acordouse, por unanimidade, aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do sobre “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

OUROL.- REHABILITACIÓN DE FIRME EN TRAMOS DE VÍAS: LU-P-3801 "OUROL - O CARME - AS LOBEIRAS, P.K. 1+900 - 9+820; LU-P-3802 "OUROL - IGREXA DE OUROL", P.K. 0+000 - 1+665; LU-P-6602 "RUANOVA -SIXTO - MURAS", P.K. 6+550 - 8+300; LU-P-3807 "BRAVOS - FOXO- SAN PANTALEÓN" P.K. 0+000 - 0+450 E LU--P-3803 "PONTE TORTA - CRUZ DAS LEIRAS", P.K. 0+900 -1+750

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

333.658,70	
275.750,99	57.907,71

DE IVE (partida independente)

MELLORAS			
IMP.	SIN IVE	IMP.	CO N IVE
35,28		50,8	

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

NO

6

MAXIMO

13.787,55

IMP. GX e BI

41,98

EMPRESAS / (GRUPO)			(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcion ada) (A-B)
			PREZO (IVE incluído - art 102)	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Minusválidos			
					50,8					
					%			%		
1	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		296.955,78 €	110,00	4.973,32	13.787,55 €	174/4	89,00%	11,00%	291.982,46 €
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		292.699,00 €	0,00	0,00	5.500,00 €	44/1	87,72%	12,28%	292.699,00 €
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL		276.102,57 €	360,00	15.133,32	3.154,88 €	86/1	82,75%	17,25%	260.969,25 €
4	DESARROLLOS Y METAS SL		229.855,23 €	90,00	3.149,65	2.000,00 €	22/0	68,89%	31,11%	226.705,58 €
5	FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL	A	279.864,00 €	32,84	1.399,35	1.378,75 €	184/3	83,88%	16,12%	278.464,65 €
6	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	282.864,00 €	72,21	3.109,96	1.378,75 €	11/0	84,78%	15,22%	279.754,04 €
7	CARFERLO SL		272.250,00 €	30,00	1.243,58	1.200,00 €	20/0	81,60%	18,40%	271.006,42 €

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 7 de setembro de 2018, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 256.478,39 €, dos cales

44.512,78 € corresponden ao IVE, correspondente á obra: SAMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-5601 "Samos (LU-633)-Courel (LU-P-1301) e Ramal A Sta Mariña", PK 7+830 AL 10+000 Y LU-P-5603 "Aira Padrón (LU-P-5601)-Ponte Louzara-Praducelo (LU-P-5601)", PK 0+000 AL 2+800.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 20 de setembro de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 29 de outubro de 2018 deuse conta do informe da Unidade de Rexistro, no que constan as empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas á contratación, e do Informe do Servizo de Contratación en relación á presentación en prazo das ofertas recibidas para a obra SAMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-5601 "Samos (LU-633)-Courel (LU-P-1301) e Ramal A Sta Mariña", PK 7+830 AL 10+000 Y LU-P-5603 "Aira Padrón (LU-P-5601)-Ponte Louzara-Praducelo (LU-P-5601)", PK 0+000 AL 2+800 segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 20 de setembro de 2018. A mesa acordou, por unanimidade, aceptar ditos informes na súa integridade e en consecuencia facelos seus, uníndose á Acta, e admitindo ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame da documentación administrativa (sobre 1) presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma acordouse, por unanimidade, aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do sobre "2", contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

SAMOS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5601 "SAMOS (LU-633)-COUREL (LU-P-1301) E RAMAL A STA MARIÑA", PK 7+830 AL 10+000 Y LU-P-5603 "AIRA PADRÓN (LU-P-5601)-PONTE LOUZARA-PRADUCELO (LU-P-5601)", PK 0+000 AL 2+800



ORZAMENTO BASE
LICITACIÓN (IVE incluído)

256.478,39

VALOR ESTIMADO

211.965,61

44.512,78

DE
IVE(partida
independente)

MELLORAS

IMP. SIN
IVE

32,74

IMP
CON
IVE

47,14

CLASIFICACION
EXIGIDA:

NO

IMP. GX e
BI

38,96

PRAZO DE EXECUCION:

6

MAXIMO

10.598,28

EMPRESAS / (GRUPO)			(A)PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓ N (5)	CRITERIO DESEMP ATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA(para calcular baixa desproporciona da) (A-B)
			PREZO (IVE incluído -. art 102)	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	€/M// CUSTE (€) menos % baixa	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Minusválid os			
					47,14					
					%			%		
1	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA		194.897,93 €	0,00	0,00	0,00 €	40/1	75,99%	24,01%	194.897,93 €
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	240.790,00 €	0,00	0,00	0,00 €	44/1	93,88%	6,12%	240.790,00 €
3	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	254.100,00 €	60,00	2.802,10	10.600,00 €	181/4	99,07%	0,93%	251.297,90 €
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		235.318,91 €	120,00	5.190,11	1.153,85 €	85/1	91,75%	8,25%	230.128,80 €
5	HORDESCÓN SL		246.629,62 €	53,00	2.402,48	627,27 €	17/0	96,16%	3,84%	244.227,14 €

Pola mesa observouse que algunhas das ofertas non inclúen no prezo o IVE, senón que distinguen entre base e importe de IVE en apartados separados. A mesa acordou aceptar as ofertas efectuando no mesmo acto a operación matemática que permite obter o prezo de acordo co establecido no artigo 102 da LCSP (IVE incluído). Este dato cotéxase como consecuencia dunha simple operación matemática e ademais o IVE correspondente ao prezo real constátase co exemplo que segue: (prezo 100.000,00; IVE: 21.000,00; o prezo segundo o artigo 102 LCSP sería 121.000,00). (Este razoamento é extensible ao resto de obras incorporadas á orde do día desta Mesa de contratación).

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa

consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA		194.897,93 €
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	240.790,00 €
3	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	251.297,90 €
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		230.128,80 €
5	HORDESCÓN SL		244.227,14 €

MEDIA	NOVA MEDIA
227.510,97	227.510,97

BAIXA TEMERARIA	NOVA BAIXA
204.759,87	204.759,87

10% ARRIBA
250.262,06

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU

A vista do anterior, obsérvase que a oferta presentada pola mercantil AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que a Mesa acorda, que polo Servizo de Contratación e Fomento se tramite a concesión de apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

A Mesa de contratación, en reunión celebrada en data 21 de decembro de 2018 tomou coñecemento do informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros constan os seguintes extremos:

“(…) A empresa AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES SA, non consta que presentara xustificación no prazo outorgado, segundo informe da Unidade de Rexistro Xeral emitido en data 29 de novembro de 2018.

Doutra banda, entre as funcións da mesa de contratación, o artigo 22.f do RD 817/2009, de 8 de maio, do Regulamento de desenvolvemento da Lei de Contratos do Sector público, en canto as funcións da mesa precisa “...Cuando entienda que alguna de las proposiciones podría ser calificada como anormal o desproporcionada, tramitará el procedimiento previsto al efecto por el artículo

136.3 de la Ley de Contratos del Sector Público, y en vista de su resultado propondrá al órgano de contratación su aceptación o rechazo, de conformidad con lo previsto en el apartado 4 del mismo artículo”.

De non presentarse xustificación da oferta presentada, non cabe a súa valoración e verificación da súa viabilidade, de modo que a execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato queda garantido nos termos fixados nos pregos de condicións (ver acordo 21/2013, do 30 de abril, do TAC de Aragón) e igualmente que naquela oferta desproporcionada ou anormal non existen prácticas restritivas de competencia.

Neste sentido, e como recorda o TACRC, en resolución 217/2011, do 14 de novembro, no procedemento de xustificación da oferta non é suficiente unha afirmación, senón que se require unha explicación, que mal pode combaterse se non queda reflexada por escrito.

Asemade debe terse en conta que a cualificación dunha oferta como desproporcionada ou anormal enténdese como presunta; presunción que se pode desmontar coa xustificación ou defensa das razóns que motivaron a presentación de tal proposición. Ao non aportarse naquel trámite xustificación algunha, permanece viva a presunción de temeridade (Resolución nº 385/2015, do 21 de xullo de 2015 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Estremadura).

Tendo en conta o anterior, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, que procedería o seguinte:

Rexeitar, ao non presentar a xustificación da oferta desproporcionada ou anormal, a oferta da mercantil AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA, elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión.

Realizar a valoración do resto das ofertas admitidas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra.

E canto procede informar, se prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito”.

Pola Mesa, por unanimidade acordase aceptalo e en consecuencia facelo seu, unindo á presente Acta, polo que se procede á valoración do resto das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. COMUNICACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	240.790,00 €	55,61	0,00	0,00	0,00 €	0,00	55,61
2	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	254.100,00 €	8,43	60,00	10,00	10.600,00 €	5,00	23,43
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL		235.318,91 €	75,00	120,00	20,00	1.153,85 €	0,54	95,54
4	HORDESCÓN SL		246.629,62 €	34,91	53,00	8,83	627,27 €	0,30	44,04

A vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda que se eleve ao órgano de contratación a Acta e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 18 de xaneiro de 2019 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Rexeitar, ao non presentar a xustificación da oferta desproporcionada ou anormal, a oferta da mercantil AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA, elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormais de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	GRUPO BASCUAS 2008 SL		95,54
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	55,61
3	HORDESCÓN SL		44,04
4	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	23,43

Requirir ao contratista GRUPO BASCUAS 2008 SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito con rexistro de saída de data 24 de xaneiro de 2019 foille notificado á mercantil AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA a Resolución da Presidencia de data 18 de xaneiro de 2019, pola que se exclúe da clasificación e por ende da licitación, ao non presentar xustificación da súa oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

Por escrito con rexistro de saída de data 24 de xaneiro de 2019 foi requirida a mercantil GRUPO BASCUAS 2008 SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 9.723,92 euros; documentación que foi achegada en tempo e forma.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra SAMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-5601 "Samos (LU-633)-Courel (LU-P-1301) e Ramal A Sta Mariña", PK 7+830 AL 10+000 Y LU-P-5603 "Aira Padrón (LU-P-5601)-Ponte Louzara-Praducelo (LU-P-5601)", PK 0+000 AL 2+800 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 7 de setembro de 2018, á mercantil GRUPO BASCUAS 2008 SL, representada por D. Juan Antonio Yáñez Díaz , no prezo de 194.478,44 € e 40.840,47 € son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 120 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.153,85 € e 242,31 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra SAMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-5601 "Samos (LU-633)-Courel (LU-P-1301) e Ramal A Sta Mariña", PK 7+830 AL 10+000 Y LU-P-5603 "Aira Padrón (LU-P-5601)-Ponte Louzara-Praducelo (LU-P-5601)", PK 0+000 AL 2+800 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 7 de setembro de 2018, á mercantil GRUPO BASCUAS 2008 SL, representada por D. Juan Antonio Yáñez Díaz , no prezo de 194.478,44 € e 40.840,47 € son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 120 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.153,85 € e 242,31 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Requirit o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE: PORTOMARÍN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4906 “PORTOMARÍN-SEIXÓN”, P.K. 0+000 AL 2+100 Y LU-P-4910 “O SUTO (LU-633)-CLUBE NAÚTICO”, P.K. 0+090 AL 0+530.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 7 de setembro de 2018, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 107.608,65 €, dos cales 18.675,88 € corresponden ao IVE, correspondente á obra: PORTOMARÍN.- Rehabilitación de

firme LU-P-4906 “Portomarín-Seixón”, P.K. 0+000 al 2+100 y LU-P-4910 “O Suto (LU-633)-Clube Náutico”, P.K.. 0+090 al 0+530.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 20 de setembro de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 29 de outubro de 2018 deuse conta do informe da Unidade de Rexistro, no que constan as empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas á contratación, e do Informe do Servizo de Contratación en relación á presentación en prazo das ofertas recibidas para a obra PORTOMARÍN.- Rehabilitación de FIRME LU-P-4906 "Portomarín-Seixón", PK 0+000 AL 2+100 Y LU-P-4910 "O Suto (LU-633)-Clube Náutico", PK 0+090 AL 0+530 segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 20 de setembro de 2018. A mesa acordou, por unanimidade, aceptar ditos informes na súa integridade e en consecuencia facelos seus, uníndose á Acta, e admitindo ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame da documentación administrativa (sobre 1) presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma acordouse, por unanimidade, aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do sobre “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

PORTOMARÍN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4906 “PORTOMARÍN-SEIXÓN”, PK 0+000 AL 2+100 Y LU-P-4910 “O SUTO (LU-633)-CLUBE NAÚTICO”, PK 0+090 AL 0+530

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)	107.608,65				
	88.932,77	18.675,88	DE IVE (partida independente		
VALOR ESTIMADO					
CLASIFICACION EXIGIDA:	NO				
PRAZO DE EXECUCION:	6			MAXIMO	
				4.446,64	

MELLORAS			
IMP		CON	
IMP. SIN IVE	24,42	IVE	35,16
IMP. GX e BI	29,06		

EMPRESAS / (GRUPO)			(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)
			PREZO (IVE incluido - art 102)	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa 35,16	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Minusválidos	%	%	
1	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA		89.175,29 €	0,00	0,00	0,00 €	40/1	82,87%	17,13%	89.175,29 €
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	93.049,00 €	0,00	0,00	0,00 €	44/1	86,47%	13,53%	93.049,00 €
3	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	107.605,30 €	310,00	10.899,60	4.446,50 €	181/4	100,00%	0,00%	96.705,70 €
4	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		82.000,00 €	350,00	9.377,17	2.000,00 €	14/1	76,20%	23,80%	72.622,83 €
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL		80.975,51 €	202,00	5.344,50	1.466,83 €	85/1	75,25%	24,75%	75.631,01 €
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	B	106.380,78 €	600,00	20.855,51	5.000,00 €	9/0	98,86%	1,14%	85.525,27 €
7	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	B	84.289,81 €	10,00	275,41	100,00 €	50/2	78,33%	21,67%	84.014,40 €
8	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL		88.730,00 €	0,00	0,00	444,66 €	188/3	82,46%	17,54%	88.730,00 €
9	HORDESCÓN SL		106.037,56 €	15,00	519,70	512,40 €	17/0	98,54%	1,46%	105.517,86 €

Pola mesa observouse que algunhas das ofertas non inclúen no prezo o IVE, senón que distinguen entre base e importe de IVE en apartados separados. A mesa acordou aceptar as ofertas efectuando no mesmo acto a operación matemática que permite obter o prezo de acordo co establecido no artigo 102 da LCSP (IVE incluído). Este dato cotéxase como consecuencia dunha simple operación matemática e ademais o IVE correspondente ao prezo real constátase co exemplo que segue: (prezo 100.000,00; IVE: 21.000,00; o prezo segundo o artigo 102 LCSP sería 121.000,00). (Este razoamento é extensible ao resto de obras incorporadas á orde do día desta Mesa de contratación).

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:



EMPRESAS		OFERTA (A-B)
		Oferta
1	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA	89.175,29 €
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A 93.049,00 €
3	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A 96.705,70 €
4	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	72.622,83 €
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL	75.631,01 €
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	B 85.525,27 €
7	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	B 84.014,40 €
8	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL	88.730,00 €
9	HORDESCÓN SL	105.517,86 €

MEDIA 86.962,91	NOVA MEDIA 83.870,42
--------------------	-------------------------

BAIXA TEMERARIA 78.266,62	NOVA BAIXA 75.483,38
------------------------------	-------------------------

10% ARRIBA 95.659,20

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL

A vista do anterior, obsérvase que a oferta presentada pola mercantil FEVISA VÍAS Y OBRAS SL incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que a Mesa acorda, que polo Servizo de Contratación e Fomento se tramite a concesión de apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

A Mesa de contratación, en reunión celebrada en data 21 de decembro de 2018 tomou coñecemento do informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros constan os seguintes extremos:

Polo Servizo de Vías e Obras, en data 26 de novembro de 2018, achégase informe en relación coa xustificación da oferta da mercantil FEVISA VÍAS Y OBRAS SL no que, entre outros, constan os seguintes extremos:

(...)

Que a documentación aportada pola citada empresa non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou costes propostos en ningún dos aspectos referidos no texto legal:

Aforro que permita o procedemento de fabricación ou o método de construción.

Solucións técnicas adoptadas ou condicións excepcionalmente favorables de que se dispoña para subministrar os produtos ou executar as obras.

Innovación ou orixinalidade das solucións propostas, para subministrar os produtos ou executar as obras.

Respecto das obrigas que resulten en materia medioambiental, social ou laboral, e de subcontratación.

A posible obtención dunha axuda do estado.

Conclusión

Elévase o presente informe a trámite e consideración da Mesa de Contratación, si ben polo técnico que subscribe non se considera suficientemente xustificada a oferta anormalmente baixa da empresa FEVISA Vías y Obras SL.”

Tendo en conta o anterior, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, que procedería o seguinte:

Rexeitar, en base ao informe técnico emitido, a oferta de FEVISA Vías y Obras SL. ao non considerarse xustificada a oferta desproporcionada ou anormal, elevando ao Órgano de Contratación proposta de exclusión.

Realizar a valoración do resto das ofertas admitidas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra.

E canto procede informar, se prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito.

Pola Mesa, por unanimidade acordase aceptalo e en consecuencia facelo seu, unindo á presente Acta, polo que se procede á valoración do resto das ofertas, mediante aplicación

informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. COMUNICACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA	89.175,29 €	51,91	0,00	0,00	0,00 €	0,00	51,91
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	93.049,00 €	41,00	0,00	0,00	0,00 €	0,00	41,00
3	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	107.605,30 €	0,01	310,00	10,33	4.446,50 €	5,00	15,34
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL	80.975,51 €	75,00	202,00	6,73	1.466,83 €	1,65	83,38
5	EXCAVACIONES SANTINOS SL	106.380,78 €	3,46	600,00	20,00	5.000,00 €	5,00	28,46
6	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	84.289,81 €	65,67	10,00	0,33	100,00 €	0,11	66,11
7	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL	88.730,00 €	53,16	0,00	0,00	444,66 €	0,50	53,66
8	HORDESCÓN SL	106.037,56 €	4,42	15,00	0,50	512,40 €	0,58	5,50

A vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda que se eleve ao órgano de contratación a Acta e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 18 de xaneiro de 2019 adoptouse a seguinte Resolución:

(...)

Rexeitar, en base ao informe técnico emitido, a oferta de FEVISA VÍAS Y OBRAS SL ao non considerarse xustificada a oferta desproporcionada ou anormal, elevando ao Órgano de Contratación proposta de exclusión.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormais de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	GRUPO BASCUAS 2008 SL		83,38
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	B	66,11
3	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL		53,66
4	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA		51,91
5	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	41,00
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	B	28,46
7	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	15,34
8	HORDESCÓN SL		5,50

Requirir ao contratista GRUPO BASCUAS 2008 SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito con rexistro de saída de data 24 de xaneiro de 2019 foille notificado á mercantil FEVISA VIAS Y OBRAS SL a Resolución da Presidencia de data 18 de xaneiro de 2018, pola que se exclúe da clasificación e por ende da licitación, ao non considerarse xustificada a súa oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

Por escrito con rexistro de saída de data 24 de xaneiro de 2019 foi requirida a mercantil GRUPO BASCUAS 2008 SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 3.346,01 euros; documentación que foi achegada en tempo e forma.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra PORTOMARÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-4906 “Portomarín-Seixón”, P.K. 0+000 al 2+100 y LU-P-4910 “O Suto (LU-633)-Clube Náutico”, P.K..

0+090 al 0+530, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 7 de setembro de 2018, á mercantil GRUPO BASCUAS 2008 SL, representada por D. Juan Antonio Yáñez Díaz no prezo de 66.921,91 € e 14.053,60 € corresponden ao IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 202 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.466,83 € e 308,03 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra PORTOMARÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-4906 “Portomarín-Seixón”, P.K. 0+000 al 2+100 y LU-P-4910 “O Suto (LU-633)-Clube Náutico”, P.K.. 0+090 al 0+530, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 7 de setembro de 2018, á mercantil GRUPO BASCUAS 2008 SL, representada por D. Juan Antonio Yáñez Díaz, prezo de 66.921,91 € e 14.053,60 € corresponden ao IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 202 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.466,83 € e 308,03 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE CERVANTES.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1402 “SAN MARTIÑO DE RIBEIRA (LU-722)-QUINDOUS-VILAQUINTE (LU-P-3505)”, P.K. 6+760 A 8+750 E LU-P-1408 “FONQUENTE (LU-P-1401)-NOCEDA”, P.K. 0+000 A 2+000.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

“Informe do servizo de contratación e fomento en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra nomeada: CERVANTES.- Rehabilitación de firme LU-P-1402 "San Martiño da Ribeira (LU-722)-Quindous-Vilaquinte (LU-P-3505)", PK 6+760 a 8+750 e LU-P-1408 "Fonquente (LU-P-1401)-Noceda", PK 0+000 A 2+000.

Antecedentes

Acordo Plenario do 31 de outubro de 2017, polo que se aproba o Plan Extraordinario de Rehabilitación de Firms de Vías Provinciais 2017-2019 (PERF 2017/19)

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: CERVANTES.- Rehabilitación de firme LU-P-1402 "San Martiño da Ribeira (LU-722)-Quindous-Vilaquinte (LU-P-3505)", PK 6+760 a 8+750 e LU-P-1408 "Fonquente (LU-P-1401)-Noceda", PK 0+000 A 2+000, redactado por Don Héctor Diéguez Aranda.

Documento xustificativo da necesidade da contratación.

Orde de inicio de procedemento de contratación.

Solicitud de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Memoria xustificativa.

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais adscritos a execución da obra.

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos

servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra CERVANTES.- Rehabilitación de firme LU-P-1402 "San Martiño da Ribeira (LU-722)-Quindous-Viilaquinte (LU-P-3505)", PK 6+760 a 8+750 e LU-P-1408 "Fonquente (LU-P-1401)-Noceda", PK 0+000 A 2+000. O proxecto técnico da obra está redactado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras D. Héctor Diéguez Aranda.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas

prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmóbel”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico do Servizo de Vías e Obras.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 30/01/2019 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4530.61955 por importe de 192.550,00 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Vías e Obras, D. Héctor Diéguez Aranda, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 25 de xaneiro de 2019, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, unicamente será preciso a ocupación dos terreos de dominio público correspondentes á vía provincial obxecto das obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de

10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”

Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: CERVANTES.- Rehabilitación de firme LU-P-1402 "San Martiño da Ribeira (LU-722)-Quindous-Vilaquinte (LU-P-3505)", PK 6+760 a 8+750 e LU-P-1408 "Fonquente (LU-P-1401)-Noceda", PK 0+000 A 2+000 sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 192.550,00 €, dos cales 33.471,77 € corresponden ao IVE (21%).

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE VILALBA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6505 “MARTIÑÁN (N634)-CORVELLE”, P.K. 0+000 A 2+215, LU-P-6513 “VILALBA (N634A)-MOMÁN-LIM PROV”, RAMALES P.K. 0+750 MI E 1+250 MI E LU -6517 “MOURENCE (LU-P-6513)-SANTABALLA (LUP6519)-E RAMAL A IGREXA MOURENCE”, P.K. 0+000 A 3+625 E RAMAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

Informe do servizo de contratación e fomento en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra nomeada: VILALBA.- Rehabilitación de firme LU-P-6505 "Martinián(N634)-Corvelle", PK 0+000 a 2+215, LU-P-6513 "Vilalba(N634A)-Momán-lim prov", ramales PK 0+750 MI e 1+250 MI e LU-P-6517 "Mourence (LUP6513)-Santaballa (LUP6519)-e Ramal igrexa Mourence", PK 0+000 a 3+625 e ramal.

Antecedentes

Acordo Plenario do 31 de outubro de 2017, polo que se aproba o Plan Extraordinario de Rehabilitación de Firms de Vías Provinciais 2017-2019 (PERF 2017/19)

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: VILALBA.- Rehabilitación de firme LU-P-6505 "Martinián(N634)-Corvelle", PK 0+000 a 2+215, LU-P-6513 "Vilalba(N634A)-Momán-lim prov", ramales PK 0+750 MI e 1+250 MI e LU-P-6517 "Mourence (LUP6513)-Santaballa (LUP6519)-e Ramal igrexa Mourence", PK 0+000 a 3+625 e ramal. redactado por Don Héctor Diéguez Aranda.

Documento xustificativo da necesidade da contratación.

Orde de inicio de procedemento de contratación

Solicitud de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Memoria xustificativa

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais adscritos a execución da obra.

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a

disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra VILALBA.-Rehabilitación de firme LU-P-6505 "Martinián(N634)-Corvelle", PK 0+000 a 2+215, LU-P-6513 "Vilalba(N634A)-Momán-lim prov", ramales PK 0+750 MI e 1+250 MI e LU-P-6517 "Mourence (LUP6513)-Santaballa (LUP6519)-e Ramal igrexa Mourence", PK 0+000 a 3+625 e ramal.O proxecto técnico da obra está redactado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras D. Héctor Diéguez Aranda.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico do Servizo de Vías e Obras.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da

LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 24/01/2019 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4530.61955 por importe de 298.750,00 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Vías e Obras, D. Héctor Diéguez Aranda, xunto con informe

específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 10 de xaneiro de 2019, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, unicamente será preciso a ocupación dos terreos de dominio público correspondentes á vía provincial obxecto das obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas

Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”

Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: VILALBA.- Rehabilitación de firme LU-P-6505 "Martinián (N634)-Corvelle", PK 0+000 a 2+215, LU-P-6513 "Vilalba(N634A)-Momán-lim prov", ramales PK 0+750 MI e 1+250 MI e LU-P-6517 "Mourence (LUP6513)-Santaballa (LUP6519)-e Ramal igrexa Mourence", PK 0+000 a 3+625 e ramal.sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 298.750,00€, dos cales 51.849,17 € corresponden ao IVE (21%).

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE POBRA DO BROLLON.- CONSTRUCCIÓN DE CENTRO RESIDENCIA DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

Informe do servizo de contratación e fomento en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra nomeada: pobra do brollón.- construción de centro residencial de atención a persoas maiores.

Antecedentes

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pobra de Brollón aprobado pola Xunta de Goberno en data 02/03/2018 e asinado en data 28/06/2018 para a execución dos fins comúns consistentes na “Construción de centro residencial no concello da Pobra do Brollón”; así como addenda de modificación aprobada pola Xunta de Goberno de data 01-02-2019, do que trae causa esta licitación.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: POBRA DO BROLLÓN.- construción de centro residencial de atención a persoas maiores, redactado por D^a. Mónica Marras Mosquera

Documento xustificativo da necesidade da contratación.

Informe favorable de supervisión do proxecto de data 18 de decembro de 2018.

Orde de inicio de procedemento de contratación

Solicitud de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais adscritos a execución da obra.

Memoria xustificativa.

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo número coa finalidade de proceder á contratación da obra POBRA DO BROLLÓN.- Construción de centro residencial de atención a persoas maiores. O proxecto técnico da obra está redactado por D^a. Mónica Marras Mosquera e foi supervisado, tecnicamente, aos efectos do artigo 235 da LCSP, polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, segundo informe de data 18/12/2018. A Deputación Provincial opera como órgano de contratación, en virtude do convenio interadministrativo citado na cabeceira.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos. Na propia memoria do proxecto reflíctese que se deriva de prezos de mercado.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, financiaranse de acordo coas anualidades seguintes:



ANUALIDADE	DEPUTACIÓN			CONCELLO	TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC		
2018	2315.622 / 2315.622.55 /	537.425,33€	RC-22018/28555/28556/28559	200.000,00€	737.425,33€
2019		600.000,00€	RC-220189/332	0,00€	600.000,00€
2020		409.923,23€	RC-220199/32	0,00€	409.923,23€
TOTAL		1.547.348,56€		200.00,00€	1.747.348,56€

De conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP, en relación coa D.A. 3ª do mesmo texto legal, o gasto plurianual queda suxeito ás limitacións propias da normativa presupuestaria e de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Consta no expediente certificado de retención de crédito, de data 05/10/2018 achegado polo Concello de Pobra de Brollón.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado pola Arquitecta Dª. Monica Marras Mosquera, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 12 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución. Este prazo pode ser reducido polos licitadores ao recollerse como criterio de adxudicación.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 27 de novembro de 2018, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, segundo certificación achegada pola Sección de Patrimonio, o Pleno do Concello de A Pobra do Brollón, acordou a cesión á Deputación de Lugo os terreos necesarios para a construción dunha residencia na finca de referencia catastral 27047A032009230000ST, sobre a que se elaborou o proxecto “Construcción dun centro de atención a maiores”.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento

Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”

Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: POBRA DO BROLLÓN.- Construción de centro residencial de atención a persoas maiores con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espacio de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.747.348,56 €, dos cales 158.849,87 € corresponden ao IVE (10%).

4º.- A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira de incluír nos orzamentos da anualidade de 2020 ascendente a 409.923,23 €”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO PARA O PARQUE MÓBIL DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta desta Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

Visto o Informe Xurídico - Administrativo, no que se recollen as seguintes consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da “Subministración de mezcla bituminosa en frío para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo”.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, de acordo co artigo 16 da LCSP, ao conformar o seu obxecto a adquisición de produtos.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os

aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP.

En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctanse, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas, suxeitos a fórmulas matemáticas e con apreciación automática.

O contrato non está suxeito a regulación harmonizada dado o seu importe, segundo o estipulado no artigo 22 da LCSP; tampouco é susceptible de recurso especial en materia de contratación, consonte co previsto no artigo 44 da propia LCSP.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP, xustifícase a non división por lotes porque, tal e como se detalla no Informe, emitido a tal efecto: “No se considera adecuado dividir en lotes el objeto del contrato, puesto que es necesario disponer de un único punto de referencia para el suministro de la mezcla bituminosa en frío, lo más cercano posible a las dependencias del Parque Móvil de la Diputación de Lugo, de donde saldrán los vehículos para cargar el suministro en la planta de la empresa que resulte adjudicataria. Esto es importante para evitar mayores costes de desplazamientos y contaminación.

La división en lotes conllevaría reducir la operatividad para realizar las labores de mantenimiento, ya que son actuaciones concretas y puntuales, con lo que se simplificarían las funciones de dirección y control”.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no Informe certificación da intervención xeral, de data 18 de decembro de 2018, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 9201.210 do orzamento xeral do ano 2019, para a cantidade de 52.272,00 euros (IVE incluído).

Existe Informe, da Enxeñeira Técnica de Obras Públicas no que se recolle que a valoración da subministración a contratar e a adecuación aos prezos actuais de mercado.

O prezo do contrato determinarase por prezos unitarios (euros/Tn), fixando un máximo de 45 euros/Tn máis IVE.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no Informe do Xefe do Parque Móbil, que forma parte do expediente.

A duración do contrato será de un ano, prorrogable por outro, a contar desde o día seguinte á sinatura da acta de inicio da prestación da subministración.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de

Prescripciones Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.”

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de mezcla bituminosa en frío para o parque móbil da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescripciones técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación

Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o orzamento de licitación, que ascende a 52.272,00 euros, incluíndo o importe sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%, 9.072,00 euros, que se engade aos 43.200,00 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, existindo consignación orzamentaria na aplicación 9201.210 do orzamento xeral do ano 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO.

Vistos os Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación; vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN

Obra: Rehabilitación de firme LU-P-0107 “Abadín (N-634)-Fanoi”, P.k. 0+000 al 2+260 y LU-P-0110 “Foxas (N-634)-Aldixe”, P.K. 0+000 AL 0+817. ABADIN.

Contratista: Canteras Isidro Otero, S.L.

Obra: Rehabilitación de firme LU-P-2201 "Candamil (LU-861) -Xermade-Pedron (LU-P-6513)", P.K. 0+000 al 2+285, LU-P-2202 "Pedreira (LU-861)-Casanova (LU-540A)", P.K.0+030 al 1+920 y LU-P-2206 "Roupar (LU-540A)-Lousada-Vilapedre (LU-P-6503)", P.K.k 1+900 al 5+255. XERMADE.

Contratista: Canteras Isidro Otero SL.

Obra: Rehabilitación de firme LU-P-4604 "Caraño (LU-760) -A Braña (LU-750)", pk 6+000 al 7+210, LU-P-5401 "Boel (LU-P-4606)-Martín-A Muiña (LU-750)", pk7+416 al pk10+916 y LU-P0406 "Martín (LU-P-5401)-Crende (LU-P-4606)", pk 2+760 al 3+047. BALEIRA.

Contratista: Desarrollos y Metas SL

16.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SOBRE PRESCRICIÓN DE LIQUIDACIÓN DE XUROS DE DEMORA DEVENGADOS POLO XUSTO PREZO DAS FINCAS 44 E 94 DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO: RIOTORTO.- “MARCO DE ÁLVARE AS RODRIGAS”, P.Q. 0,000 AO 5,800.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, do seguinte teor:

“Visto o informe emitido polo Xefe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, con base no informe da Asesoría Xurídica en relación coa prescripción de liquidación de xuros onde dí:

En relación coa solicitude de data 22/11/2018 e nº de rexistro de entrada 31.163, presentada por Eliseo García Rodríguez, de liquidación dos xuros de demora devengados polo xusto prezo das fincas nº 44 e 94 do expediente expropiatorio: RIOTORTO.- “Marco de Álvare As Rodrigas”. P.Q. 0,000 ao 5,800, debo emitir o seguinte

Informe

As resolucións do Xurado de Expropiación de Galicia foron aprobadas en sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o 27/07/2012 e consignadas o 02/08/2012, por un importe de 3.860,26 y 6.618,35 € consignación que foi notificada aos interesados en data 02/08/2012.

O informe A.X. 53/15 emitido pola Asesoría Xurídica de esta Excma. Deputación Provincial de data 26/01/2016 en relación co prazo de prescripción dos intereses devengados polo xusto prezo, di entre outros que:

“En conclusión o dereito a reclamar o pagamento dos intereses prescribe aos catro anos a contar dende o abono do seu xusto prezo”.

Consonte a o que vai dito, o dereito a percibir o pagamento dos xuros prescribiu aos catro anos a contar dende o 02/08/2012 data da notificación da consignación das resolucións do Xurado de Expropiación efectuadas o 02/08/2012 ou no seu caso o 17/09/2012 data no se que fixo efectivo o pago das referidas cantidades; polo que non procede o pago dos mesmos.”

Propónse á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o informe sobre prescripción de xuros de demora devengados polo xusto prezo das fincas 44 e 94, do expediente expropiatorio “RIOTORTO.- “Marco de Alvare As Rodrigas”. P.Q. 0,000 ao 5,800”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTUALIZACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES (PES) 2017-2019 PARA O ANO 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno Local desta Deputación Provincial, en sesión celebrada o 23 de xuño de 2017, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, que consta publicado na páxina web da Deputación Provincial no apartado de subvencións e no seu portal de transparencia.

O 8 de xaneiro de 2019 publicouse no BOP de Lugo núm. 006 a aprobación definitiva do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, cos seus respectivos importes.

O propio Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, en concordancia co establecido no Regulamento Xeral de Subvencións, esixe que en cada anualidade, tras analizar os informes de seguimento, e tendo sempre en conta as disponibilidades orzamentarias, se poidan modificar, substituír por outras ou eliminarse liñas de subvencións; e, sobre todo precisar as contías do mesmo, en función da dispoñibilidade orzamentaria. Poderá modificarse ou actualizarse calquera aspecto do seu contido, ben sexa motivado polos resultados obtidos dos informes de seguimento sobre a consecución dos obxectivos establecidos ou pola adecuación dos recursos investidos, ou ben por outros motivos debidamente xustificados. Procurando, na medida do posible, que tal actualización poida ser aprobada, e en consecuencia que poida entrar en vigor xunto co orzamento de cada anualidade.

A Presidencia ordenou a tramitación da actualización do Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 para o ano 2019, a través da información facilitada polos distintos centros xestores da Deputación.

O Servizo de Contratación e Fomento coordinou, coa incorporación da información achegada polos distintos centros xestores da Deputación o documento identificado como Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2019, que se pretende aprobar para a anualidade 2019.

Considerandos:

Vista a tramitación da actualización desenvolta, coa incorporación da información facilitada polos distintos servizos ou centros xestores e os informes emitidos polo Servizo de Contratación e Fomento e pola Secretaría Xeral.

Considerando que pola finalidade á que están vinculados, os Plans Estratéxicos non se conciben de modo ríxido senón, antes ao contrario, de forma flexible, con carácter programático ao constituír un instrumento para orientar os procesos de distribución de recursos en función do índice do logro de fins das políticas públicas.

Considerando que por esa natureza programática e non regulamentaria o Plan, en por sí, non crea dereitos (para os eventuais beneficiarios) nin obrigacións (para a entidade planificadora e concedente), senón que a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio, concebíndose como un instrumento dinámico, susceptible de modificación nas liñas e nas contías e fontes de financiamento, coa finalidade de orientar os procesos de distribución de recursos en función do índice de logro de fins das políticas públicas.

Tendo en conta que, de conformidade coa normativa vixente, e salvo casos xustificados de excepción, as previsións do Plan Estratéxico 2017-2019 concíbense para un período de tres anos, vanse actualizando en cada anualidade durante a súa vixencia.

Tendo en conta a lexislación de Transparencia e Bo Goberno, o plan estratéxico de índole plurianual e os seus anexos actualizados anualmente publicaranse na páxina web da entidade, no portal de transparencia e darase publicidade do seu grado de cumprimento e os resultados obtidos.

Considerando a existencia fixada no artigo 35 da L.O. 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres, a efectos de incorporar medidas e actuacións para a efectiva consecución da igualdade de xénero.

Vista a Disposición Adicional Segunda da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial, publicada no BOP do 13 de xullo de 2006, en canto establece que será competente para aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións previsto no artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións, a Xunta de Goberno, sen prexuízo das delegacións que se confiran, e por analoxía tamén será competente para aprobar as actualizacións anuais do mesmo durante a súa vixencia, como así prevé o propio plan estratéxico.

Por canto vai dito, propono á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar a actualización do Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 desta Deputación provincial para o ano 2019 (Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para exercicio 2019).

2º.- Dispoñer a súa publicación no páxina web, portal de transparencia.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DO GASTO E DOS MODELOS DE SOLICITUDE DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico e Artístico do seguinte teor:

“Visto o informe do coordinador xefe de administración e xestión cultural do Centrad, da área de Turismo e Cultura da Deputación de Lugo, no que se expón a intención da Área de establecer un mecanismo de promoción do Centro de Artesanía e Deseño, para promover para o achegamento da poboación en xeral a actividades relacionadas coa artesanía, dentro das súas

múltiples perspectivas, e articular dese xeito a atención ás peticións de asociacións e concellos a través da tramitación e aprobación dunhas bases do programa de promoción da artesanía 2019, do correspondente gasto e modelos de solicitude.

Visto o informe de Intervención.

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento e Secretaría Xeral

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación das bases e propoñer a convocatoria do programa de promoción da artesanía 2019.

2º.- Aprobación do gasto por un importe de 15.000,00 € (quinze mil euros).

3º.- Aprobación así mesmo os modelos de solicitude e ordear a publicación das presentes bases no BOP.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DO GASTO E DOS MODELOS DE SOLICITUDE PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA MUSIQUEANDO POLA PROVINCIA, NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico e Artístico do seguinte teor:

“A Área de Cultura ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión da música tradicional na vertente de música de banda, música coral e música tradicional das entidades pertencentes á provincia de Lugo e ao mesmo tempo a de potenciar as festas patronais e de marcado carácter popular que se levan a cabo na provincia de Lugo.

Ao tratarse de actividades de natureza artística, organizados por promotores alleos á Deputación de Lugo, considérase que non resulta conveniente establecer un procedemento de concorrencia competitiva para a selección dos beneficiarios, ante a dificultade de obxectivar os criterios de selección. Por tal motivo, e ao abeiro no disposto no artigo 22.2 c) da lei xeral de subvencións, establécese un procedemento de concorrencia pública, pero de carácter non competitivo, no que se seleccionarán aos beneficiarios do programa.

No Programa “Musiqueando” poderán participar (previa solicitude de inclusión dentro dos grupos participantes no programa) as agrupacións das seguintes categorías, que teñan residencia na provincia de Lugo, que estean legalmente constituídas, e que cumpran todos os requisitos que figuran nestas bases:

Bandas de música, Grupos corais e Grupos de música tradicional.

Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos. Se nalgún dos grupos existisen membros menores de idade, o grupo deberá contar coa autorización paterna/materna correspondente.

Do mesmo xeito, en caso de existir integrantes menores de idade deberase asinar unha declaración responsable pola que se fará cargo da súa seguridade e demais responsabilidades derivadas, a persoa responsable do grupo de música, banda ou coral participante neste Programa.

Este Programa vai dirixido tanto aos Concellos da provincia, os cales poderán solicitar actuacións para acollerse a este programa. De igual xeito, poderán solicitar actuacións aquelas entidades sen ánimo de lucro da provincia, que estean xuridicamente constituídas, e que teñan entre

as súas finalidades a promoción da cultura, do mesmo xeito que as comisións de festas que se encarguen de organizar as festas patronais no ámbito xeográfico da provincia de Lugo.

Os cachés das actuacións serán os seguintes:

Bandas de música:

Bandas de menos de 15 integrantes : 750 euros.

Bandas entre 15 e 24 integrantes: 1100 euros

Bandas entre 25 e 39 integrantes: 1.500 euros

Bandas entre 40 e 50 integrantes: 2.000 euros

Bandas de máis de 50 integrantes :2.500 euros

Grupos de música tradicional:

Grupos de música tradicional con menos de 10 integrantes: 500 euros

Grupos de música tradicional entre 10 e 20 integrantes: 750 euros

Grupos de música tradicional con máis de 20 integrantes: 900 euros

Corais:

Corais hasta 20 integrantes: 600 euros

Corais con máis de 20 integrantes: 800 euros



A Área de Cultura establece que, tendo en conta os cachés de actuacións, que os solicitantes (os concellos, as asociacións legalmente constituídas e as comisións de festas) deberán contribuir ao pago do 20% do custo de cada unha das actuacións solicitadas e concedidas, o que representa:

BANDAS DE MÚSICA:
150 euros no pago das actuacións de bandas de música con menos de 15 integrantes.
220 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 15 e 24 integrantes
300 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 25 e 39 integrantes
400 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 40 e 50 integrantes.
500 euros no pago das actuacións de bandas de música con máis de 50 integrantes.
GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL:
100 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con menos de 10 integrantes.
150 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional entre 10 e 20 integrantes.
180 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con máis de 20 integrantes.
CORAIS:
120 euros no pago das actuacións de corais con hasta 20 integrantes.
160 euros no pago das actuacións de corais con máis de 20 integrantes.

O resto do caché, é dicir, o 80% do custo das actuacións correrá a cargo da Deputación de Lugo (Área de Cultura). Neste senso, os grupos actuantes deberán facturar á Deputación de Lugo, o 80% do custo da actividade musical; é dicir:

BANDAS DE MÚSICA:
600 euros no pago das actuacións de bandas de música con menos de 15 integrantes.
880 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 15 e 24 compoñentes
1200 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 25 e 39 integrantes.
1600 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 40 e 50 integrantes.
2.000 euros no pago das actuacións de bandas de música con máis de 50 integrantes.

GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL:
400 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con menos de 10 integrantes.
600 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional entre 10 e 20 integrantes.
720 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con máis de 20 integrantes.

CORAIS:
480 euros no pago das actuacións de corais con hasta 20 integrantes.
640 euros no pago das actuacións de corais con máis de 20 integrantes.

O período de realización deste Programa será o ano 2019. Non obstante, as actuacións realizaranse dende o día 1 de abril até o 20 de novembro.

Por todo elo, propónse a aprobación – se procede- pola Xunta de Goberno dos seguintes puntos:

1º.- Aprobación das bases do Programa “Musiqueando pola provincia” na anualidade 2019.

2º.- Aprobación do gasto total do Programa por importe de 180.000 euros, desglosado do seguinte xeito:

170.000 € para a pago das actuacións concedidas.

10.000 € para publicidade: anuncios en M.C.S e carteis , rollers, ... nos que se incluírá o logo da Deputación Provincial de Lugo (Área de Turismo e Cultura).

3º.- Aprobación dos modelos de solicitude para adherirse ao programa”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 9 de novembro de 2018, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 095 do xoves 26 de abril de 2018, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo



de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
CLUB PULPADEL	PÁDEL	793

21.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA QUE REXERÁ O PROCESO SELECTIVO PARA AMPLIAR A VIXENTE LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE ADMINISTRATIVO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a de realizar un proceso selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición, para ampliar unha listaxe de emprego temporal, para atender ás necesidades urxentes de incorporación de efectivos da categoría de administrativo/a, nas circunstancias recollidas no artigo 10.1 do EBEP;- ou no seu caso no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

Estando vixente unha Listaxe de Emprego Temporal desta categoría de administrativo/a, é necesario realizar este proceso selectivo para a súa ampliación xa que os efectivos que a integran non están dispoñibles para incorporarse, en caso de chamamento para o seu nomeamento interino ou contratación temporal, ao atoparse prestando servizos neste momento.

A necesidade de ampliación da dita Listaxe ven xustificada pola inminente execución dun Programa Temporal de “Posta en marcha dos centros de atención a persoas maiores dentro da

relación interadministrativa de cooperación e a prestación compartida de servizos sociais nos centros de atención a persoas maiores”, no marco das relacións de cooperación acordadas entre Deputación provincial e Concellos da Provincia de Lugo nos que están asentados os ditos centros.

A rede de centros, incursos nese acordo de cooperación interadministrativa, cuxa posta en funcionamento se efectuará ao longo dos próximos meses, están nos concellos de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Ribas de Sil, Pedrafita do Cebreiro, Ribadeo, Becerreá, A Pontenova, Pobra de Brollón, Folgoso de Caurel, Portomarín e Guitiriz; estando o seu desenvolvemento en distintas fases de execución.

A posta en funcionamento dalgún destes centros será inminente polo que se precisan de efectivos da categoría de administrativo/a para garantir que a xestión deste proceso se realiza conforme ás condicións e requirimentos establecidos nos convenios de cooperación asinados entre a Deputación e cada un dos concellos referidos.

En consecuencia o persoal que resulte seleccionado para integrar a devandita Listaxe de Emprego Temporal será chamado para prestar servizos en calquera dos referidos centros de atención a persoas maiores dos Concellos enumerados, a medida que sexa necesaria a súa incorporación para o desempeño das funcións que ten atribuído esta clase de persoal dentro das respectivas estruturas.

Igualmente o dito tipo de persoal que integre a Listaxe que se constituía tamén poderá ser chamado para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo, nas distintas Unidades e Servizos nos que sexa preciso, calquera que sexa a súa ubicación xeográfica dentro da provincia, conforme ás condicións que se sinalan, de necesidade e urxencia, na lexislación vixente de aplicación a estas situacións.

Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria.

Visto o disposto pola normativa de aplicación:



- Artigo 10.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo que se establece que “son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.

b) A substitución transitoria dos titulares.

c) A execución de programas de carácter temporal.

d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

- Artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, sobre contratación de persoal laboral temporal.

- Artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, esixe que: “non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables”.

- Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

- Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

- Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que “os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.

- Artigo 27 e 35 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, sobre a selección e nomeamento dos funcionarios interinos e contratación de persoal laboral temporal.

Listaxe de emprego temporal de administrativo/a conformada por aspirantes que participaron en procesos selectivos.

Nestes momentos a vixente Listaxe de Emprego Temporal das categoría de administrativo/a non conta con efectivos dispoñibles ao obxecto de poder atender as necesidades de cubrir provisionalmente o dito tipo de prazas/postos/empregos, xa que os seus integrantes atópanse prestando servizos, polo que resulta necesario a súa ampliación para atender as necesidades que se poidan producir conforme ás previsións sinaladas anteriormente.

Proposta de acordo.

Considerando que se ten constatado que existe na Entidade a necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de Administrativo/a, para poder xestionar axilmente a incorporación de efectivos desta categoría cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular as referidas no artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno a normativa legal e regulamentaria aplicable, propono á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

Acordo:

1º.- Aprobar que as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para a ampliación da listaxe de emprego temporal de administrativo/a para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal funcionario/a interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (ou no seu caso polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores) serán as que foron aprobadas por esta Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 04 de maio de 2018; e publicadas no BOP nº 107, do venres 11 de maio de 2018.

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivo estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 ; e publicadas no BOP nº 289 de data 17 de decembro do 2015.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas, para ampliar os efectivos da Listaxe de emprego temporal de administrativo/a.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA E BASES PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DA PRAZA “TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL”, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar os procesos selectivos para a provisión definitiva das prazas do cadro de persoal funcionario, que a continuación se indican, polo sistema de Concurso- Oposición Libre.

A praza convocada está incluída dentro do Plan de Consolidación de Emprego Temporal, conforme ao previsto na Disposición Transitoria 4ª do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e foi incluída na Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2017.

Caracterización da praza.



Grupo e subgrupo	Clasificación	Nº vacantes	Praza	Denominación	Data Publicación BOP
			Posto		
A/ A1	Escala de Administración Xeral; Subescala Técnica; Técnicos Superiores.	1	828	Técnico/a Administración Xeral-Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	OEP 2017 BOP de 28/12/2016 (Nº 297)
			1255		

Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria.

Visto o disposto pola normativa de aplicación:

Artigo 9.1.) do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se establece que “son funcionarios de carreira quen, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha administración pública por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente”.

- Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

- Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.

- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

- Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que “os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.

- Disposición Transitoria 4ª do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón: “Consolidación de Emprego Temporal.- 1. As Administracións Públicas poderán efectuar convocatorias de consolidación de emprego a postos ou prazas de carácter estrutural correspondentes aos seus distintos corpos, escalas ou categorías, que estean dotados orzamentariamente e se atopen desempeñados interina ou temporalmente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005. 2. Os procesos selectivos garantirán o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. 3. O contido das probas gardarán relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais dos postos obxecto de cada convocatoria. Na fase de concurso poderá valorarse, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados nas Administracións Públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria. Os procesos selectivos desenvolveranse conforme ao disposto nos apartados 1 e 3 do artigo 61 do presente Estatuto”.

- Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

- Artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

- Artigo 50 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 170, de 26 de xullo de 2018) sobre atribucións da Xunta de Goberno, que sinala que correspóndelle á mesma: “o exercicio das atribucións e competencias que lle deleguen o presidente/a ou o Pleno da Corporación”; séndolle delegada a dita atribución pola Presidencia, mediante Resolución de 26 de xullo do 2018 (BOP nº 171, de 27 de xullo de 2018).

Proposta de acordo.

Considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 170, de 26 de xullo de 2018, propoño á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

Acordo:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para a provisión definitiva das seguintes prazas:

Grupo e Subgrupo	Clasificación	Nº Vacantes	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN
			Nº POSTO	
A/ A1	Escala de Administración Xeral; Subescala Técnica; Técnicos Superiores.	1	828	Técnico/a Administración Xeral- Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.
			1255	

Con respecto ás Bases Xerais, que rexerán neste procedemento selectivos, estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 29 de setembro de 2017 (publicadas no BOP núm. 241, 20/10/2017).

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas correspondentes probas selectivas

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo; e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia, enviando extracto da convocatoria ao DOG e BOE”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

23.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SELECTIVO DE ACCESO A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL DE OFICIOS MÚLTIPLES, CLASIFICADAS NO GRUPO C-SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO DO ANO 2015.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“Celebrado o procedemento selectivo para prover dúas prazas de Oficial de Oficios Múltiples, do cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, reservadas a promoción interna vertical, grupo C – Subgrupo C2, correspondente a Oferta de Emprego do ano 2015, cuxas bases xerais publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 242, de 22 de outubro de 2018, vista a proposta do Tribunal Cualificador, visto que nos expedientes persoais dos aspirantes propostos para ocupar as distintas prazas figura a documentación á que se refire o punto 11.1 das bases xerais que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos no

artigo 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público; esta Presidencia, en representación do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 12.1 das mencionadas bases xerais, proponlle á Xunta de Goberno resolver o procedemento selectivo a favor de:

1º.- Don Alfonso Ibias Otero, para ocupar a praza número 3170, posto 416, de Oficial de Oficios Múltiples, Grupo C - Subgrupo C2, do cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical correspondente a OEP 2015, o aprobar tódolos exercicios do proceso selectivo.

2º.- Don Juan José Pita Iravedra, para ocupar a praza número 3171, posto 583, de Oficial de Oficios Múltiples, Grupo C - Subgrupo C2, do cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical correspondente a OEP 2015, o aprobar tódolos exercicios do proceso selectivo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

24.- PROPOSTA SOBRE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE DUN GRADUADO EN ENXEÑARÍA AGRÍCOLA E AGROALIMENTARIO, CONTRATADO EN PRÁCTICAS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“Vista a solicitude de compatibilidade de D. José Manuel Iglesias Salvador formula solicitude de autorización de compatibilidade xa que, estando dado de alta no Réxime de Traballadores Autónomos, vai prestar servizos como Graduado en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, con contrato en prácticas.

Antecedentes

Dos antecedentes que constan na Unidade de Admón. de RR.HH. despréndese que D. José Manuel Iglesias Salvador, foi seleccionado para prestar servizos como Graduado en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, con contrato en prácticas, por Resolución da Presidencia de data 27 de decembro de 2018, iniciando a súa relación o día 28 de decembro de 2018.

Consideracións legais e técnicas

Normativa de aplicación

O artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e “nas normas que dite o Estado para a aplicación aos funcionarios da Administración Local”. Estas normas específicas non están ditadas.

As normas de desenvolvemento da lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84 “a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo de unha Comunidade Autónoma ou Corporación Local” .

En consecuencia, a normativa aplicable está contida nas seguintes normas:

Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación provincial de Lugo e INLUDES (BOP 30.09.06).

Igualmente debe tomarse en consideración o enunciado na Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que condiciona a

concesión de compatibilidade para actividades privadas a que a contía do complemento específico non supere o 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade; a expresa aceptación da persoa interesada.

Necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento

O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece: “O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade”.

Dos antecedentes que obran no expediente do solicitante dedúcese que non se lle concedeu compatibilidade para ningunha actividade privada, nin para segundo posto de traballo no sector público.

A actividade privada para a que solicita compatibilidade non está exceptuada do réxime de incompatibilidades conforme ao previsto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, procedendo, polo tanto, resolver sobre esta.

Límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas

O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala:

“En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estricto cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia”.

O artigo 11 da lei 53/84 sinala:

“De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.

Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados”.

A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo:

“En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos que estea intervindo, teña intervindo nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público.

Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

A pertenza a Consellos de Administración ou órganos rectores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas esté directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou

administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.

A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

Da instancia do interesado e documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.

Limitacións sobre xornada e horario.

O artigo 12.2 da Lei 53/84 establece:

“As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas, só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.”

O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece:

“O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público.”

En consecuencia, dado que a actividade como empregado da Deputación é a tempo completo, prestada de luns a venres, en xornada de mañá ou en xornada partida (mañá e tarde), cos descansos que establece a Lei, para o cumprimento do sinalado no artigo anterior a presenza efectiva ou dedicación á actividade privada por parte da solicitante non poderá ser igual ou superior a metade da xornada semanal ordinaria de traballo ao servizo da Deputación, concretándose en que non pode superar as 18 horas, 45 minutos.

Tampouco se modificará por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario do empregado.

Limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo

O Artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, di textualmente: “O recoñecemento de compatibilidade (...) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público”.

O Artigo 15 da Lei 53/84, establece: “O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional”.

Limitacións retributivas

O artigo 16 da mencionada norma establece: “Así mesmo, por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3,11,12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable , cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.”

Nese sentido, o artigo 18. 4, parágrafo segundo, do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e INLUDES (BOP de 31.07.2006) establece: “Os traballadores que soliciten compatibilidade para unha segunda actividade pública ou privada estarán ao que determine a lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, axeitándose as retribucións ao que determinen as citadas normas no suposto de que proceda acordar a compatibilidade.”

Polo tanto, para o cumprimento do establecido no artigo 16 anterior, a contía do Complemento Específico a percibir polo traballador non pode superar o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debendo reducirse de superalas ao límite sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de compatibilidade renuncia e acepta a limitación sinalada.

Tramitación, resolución e efectos da mesma.

A solicitude do interesado debe ter a conformidade do Servizo a efectos de garantir que non interfere na prestación do mesmo.

Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O artigo 14 da Lei 53/84 establece: “O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.”

Á vista do sinalado, tendo en conta os informes dos servizos, procede que polo Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, se formule proposta á Xunta de Goberno para que:

1º.- Conceda a D. José Manuel Iglesias Salvador a compatibilidade para poder seguir dado de alta no Réxime Especial Agrario como titular dunha explotación agro-gandeira, que desenvolverá fóra do horario establecido para prestar os seus servizos neste Organismo, sen que se modifique por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario e coas demais limitacións e condicionantes sinalados no presente informe, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos polo cambio de posto de traballo. O incumprimento das condicións legais establecidas, poderá ser sancionado conforme as normas

contidas no Título VII (Régime Disciplinario) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.

2º.- A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 28 de decembro de 2018, data na que D. José Manuel Iglesias Salvador, empeza a traballar na Deputación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

25.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 45/2019-C.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do Procedemento: Dereitos Fundamentais 45/2019-C, interposto por D. Manuel Martínez Núñez, fronte a “Desestimación del recurso de reposición interpuesto contra la convocatoria conjunta de las Comisiones Informativas de Economía, Recaudación y Hacienda y de Gobierno Interior y Relaciones Institucionales, comisiones para someter a dictamen de las mismas el presupuesto General para el ejercicio 2019”; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluída a compañía aseguradora se fora preciso.



26.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

27.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.